Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2020/G010/000015

ACTA Nº 2020/15

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 25 de setembro de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria, que subscribe e a Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
MARGARITA LAMELA LOUZAN
ASISTEN:
PSOE
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
EMILIA MARIA TRILLO LOJO
BNG
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR PEREZ MARTINEZ
PP
JOSE ANTONIO DOMINGUEZ GARCIA
AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARIA VICTORIA AREAS POSE
IXCee
RAMON VIGO SAMBADE
MARIA DEL PILAR IGLESIAS LEMA
MARIA DEL CARMEN DIAZ FREIRE
Grupo Mixto
JUAN RAMON HERMIDA FANDIÑO
SECRETARIA:
ROCIO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA:
ROSA MARÍA FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. Borrador da sesión celebrada o 28 de agosto de 2020.
Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.
II. Borrador da sesión celebrada o 14 de setembro de 2020
Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

2. **Proposta da alcaldía relativa á a aprobación do Proxecto Modificado de: Actuacións no Núcleo de Lires. POS+2020, con NRE 202099900000712 de data 21 de agosto redactado por D. Pablo Blanco Ferreiro (Estudio Técnico Gallego SA).**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día luns 21 de setembro de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do Proxecto Modificado de: Actuacións no Núcleo de Lires. POS+2020, con NRE 202099900000712 de data 21 de agosto redactado por D. Pablo Blanco Ferreiro (Estudio Técnico Gallego SA).

Considerando a seguinte:

"PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: *Aprobación do Proxecto Modificado de: Actuacións no Núcleo de Lires. POS+2020.*

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, recibido requirimento neste Concello pola Deputación Provincial da Coruña en relación co Proxecto: Posta en marcha das Depuradoras de Estorde e Ameixenda.

Pola presente, ***PROPOÑO*** *ao* ***PLENO DA CORPORACIÓN****, a adopción do seguinte* ***ACORDO****:*

PRIMEIRO*.- Aprobar o Proxecto Modificado de: Actuacións no Núcleo de Lires. POS+2020, con NRE 202099900000712 de data 21 de agosto redactado por D. Pablo Blanco Ferreiro (Estudio Técnico Galleo SA).*
SEGUNDO*.- Dar traslado do acordo mediante a correspondente Certificación Plenaria a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma habilitada SUBTELL.*

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese a votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos presentes.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIÓNS

Intervé a Sra alcaldesa e di que como consta na proposta se trae para porque tenemos que hacer una modificación del proyecto por exigencias de patrimonio y posteriormente por la propia diputación, concretamente la sustitución de pavimento de hormigón por hormigón lavado desactivado, para un cromatismo similar a la piedra a la zona reconstrución de muro con la misma fabrica existente sin encintado de mortero de cemento y renovacion de 145 m2 de pavimento con demolición, correcciones de rasantes, construcción de un murete de hormigón en contacto con la vivienda de Agustín de Lires.
Intervén o Sr Domínguez Louro pregunta polos prazos que se prevén para que estea lista a obra porque afecta a veciñanza da contorna e tamén a un negocio que hai moi cerca, entón este verán xa sufriron o seu por manter esa vía a accesibilidade a ela digamos asi e seria bo que estea para a próxima época estival.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Sra alcaldesa espero que si, porque una vez que se apruebe por el pleno se le envia a la diputación dará visto bueno y sacar a licitación, lo que es el proceso normal de licitación y ejecución tiene que estar para el año que viene..
Sr Vigo di que simplemente suliñar que vamos votar a favor indudablemente porque segue sendo a mesma obra de interese de cando se aprobou anteriormente e facer unha chamada de atención inda que somos conscientes que un grupo tan reducido como o noso dende unha entidade municipal como a nosa non vai ter moita significación pois suliñar que patrimonio é un organismo surrealista que esixe cuestións moitas veces que non ten lóxica técnica e que non nos queda mais remedio que asumir e volver tomar decisións sobre as tomadas porque así nos esixen e temos que pasar por ese aro que non deixa de ser duns xanedrins de iluminados
Sra alcaldesa: como dice el Sr Vigo es cierto que siempre que tengamos que solicitar un permiso sectorial a patrimonio de camino de santiago nos supone un retraso, cuando depende de coruña no tanto porque son rápidos pero siempre que nos toque camino de santiago y en Lires toca camino de santiago nos encontramos con este problema de retraso y volver a corregir coincido con el Sr Vigo.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

3. **Proposta da Alcaldía relativa á Modificación do Anexo de Subvención Nominativas coa finalidade de outorgar á asociación de Veciños de Brens a cantidade de 2.400€. EXPEDIENTE Nº : 2020/T002/000012**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 21 de setembro de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da Alcaldía relativa á Modificación do Anexo de Subvención Nominativas coa finalidade de outorgar á asociación de Veciños de Brens a cantidade de 2.400€. EXPEDIENTE Nº: 2020/T002/000012

Considerando a seguinte:
"PROPOSTA DE ALCALDÍA

***ASUNTO**: MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS COA FINALIDADE DE OUTORGAR Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BRENS A CANTIDADE DE 2.400€*

***EXPEDIENTE Nº:** 2020/T002/000012*

*Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee ante solicitude da Asociación de Veciños de Brens para atender ás necesidades de mantemento do cemiterio de Brens, considerando que a actuación redunda no interese xeral por afectar a numerosos veciños e ante a inexistencia de crédito previsto no Orzamento Municipal do Concello de Cee con esta finalidade **PROPOÑO** ó Pleno da Corporación:*

***PRIMEIRO**.-Modificar o anexo de subvencións nominativas na aplicación orzamentaria 920/480.00 por importe de 2.400€ que estaba prevista no Orzamento Municipal coa denominación obras a determinar e sen terceiro asignado (previsto inicialmente para subvencións para colocación de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

antenas) coa finalidade de outorgar á Asociación de veciños de Brens a cantidade de 2.400€ co destino de realizar as obras de reparación que se detallan no expediente.

***SEGUNDO**.-A actuación requirirá de oportuna presentación dos trámites administrativos pertinentes (comunicación previa/licenza) e debe contar con todos os permisos, autorizacións etc necesarios para a súa correcta execución e deberá realizarse e xustificarse antes do 15 de decembro á efectos da súa imputación contable ó exercicio 2020.*

***TERCEIRO**. Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

***CUARTO**. Considerar elevados a definitivos este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.*

***QUINTO**. Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

Asinado electrónicamente.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político IXCee e 6 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que isto como consta na proposta é modificar a partida de subvencións para outorgar a asociación dos veciños de Brens 2400 euros para reparación no cemiterio, estaban previsto para subvención para colocar parabólicas en Lires que no fueron necesarias por eso esta modificación presupuestaria.

Sr Dominguez Louro: anunciar o voto a favor do Bng parécenos correcta pero volvo a facer a reflexión que fixen na comisión, a competencia dos cemiterios é dos concellos sexa cal sexa incluso o número de habitantes, polo tanto parécenos estupendo pero hai que ter en conta que nos seis anos que levo aquí non se fixo, vamos votar a favor pero ter en conta que cee ten 47, 48, ou 49 núcleos de poboación e moitos non están por exemplo con auga de traída municipal senón que son traídas veciñais dos que eles mesmos ten que facerse cargo tanto das roturas como renovación pois poño eso enriba da mesa para advertir que baixo o noso criterio se debe axudar a todas as asociacións que o pidan dentro das prioridades que podan xurdir pero que esta subvención que se outorga hoxe os veciños de Brens ten que ter continuidade no futuro para que as demais asociacións do Concellos tiveran estas aportación e so dicirlle que seguramente como xa esta traballando nos presupostos do 2021 convídoa a que haxa unha partida no vindeiro presuposto que contemple estes axudas, porque estes 2400 euros quedaron aí orfos porque a obra de Lires saíu ben pero si non fose así non a pedían recibir e esperar o ano seguinte e se abrimos unha liña de subvencións sería moitísimo mellor e non creo que sexa un esforzo económico que o mellor falamos do 0.25 ou 0.40% do presuposto, vamos votar a favor e facémoslle ese emprazamento para o ano vindeiro.

Sra alcaldesa: por parte do goberno e con intervención se está preparando o borrador dos próximos orzamentos e se estudiará.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Sr Vigo: di que concorda co Bng de que é necesario apoiar as obras públicas que moitos casos xa deberían ser obras que fixera directamente o concello pero bueno se xurden da iniciativa de asociacións debidamente constituídas e que poden ter esas axudas dende o concello nos parece ben o que esta claro é que agora mesmo vamos tomar unha decisión a favor de unha asociación posiblemente si de aquí a final de ano xurdira unha petición doutra asociación non teriamos capacidade para afrontala ou seria complexo, entón anunciamos o noso voto favorable a que se outorgue este subvención porque é publica e necesaria e invitamos o goberno que ese orzamento se poña unha partida para subvencións en libre concorrencia si os técnicos non poñen pega nese sentido para que unha vez entre en vigor pidan as asociacións pedir para aquelas obras que consideren oportuno facer e ata onde chegue esa partida, como fai a Deputación por exemplo, sería mais equitativo no sentido de que ninguén podería nunca sacarlle o goberno nin o pleno tomar decisións que beneficien a uns e outros non porque non se pediu nun momento determinado ou porque non teñen algún tipo de consideración técnica que é necesaria para que podan ser subsidiarios de recibir esa asociación polo tanto proposta que no orzamento haxa unha partida de libre concorrencia segundo criterios técnicos deste concello poidan solicitar durante o prazo que se de ao efecto.
Sra alcaldesa: se reitera que se estudiará en función dos informes dos técnicos se pondrá solución viable dentro dos orzamentos.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM

4. **Proposta da Alcaldía relativa á Revisión de Oficio do Convenio Urbanístico asinado o 10 de xuño de 2002 e aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2020. Expediente Nº 2020/X999/000123.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día luns 21 de setembro de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da Alcaldía relativa á Revisión de Oficio do Convenio Urbanístico asindo o 10 de xuño de 2002 e aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2020. Expediente Nº 2020/X999/000123.

Considerando a seguinte:

"PROPOSTA ALCALDÍA.

ASUNTO: REVISIÓN DE OFICIO CONVENIO URBANÍSTICO ASINADO O 10 DE XUÑO DE 2002 E APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN DO 30 DE MAIO DE 2002.

EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123

ANTECEDENTES

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

1. Copia do texto do convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arzobispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Dominguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 14.06.2001.
2. Copia do texto do convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arzobispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Dominguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 10.06.2002.
3. Certificados Plenarios relativos a renovación do Convenio (asinado o 10.06.2002 e aprobado en sesión plenaria o 30.05.2002) e aval bancario.
4. Providencia de data 12 de setembro de 2019, solicitando informe técnico municipal en relación ao asunto de referencia.
5. Oficio remisión ao Arcebispado de Santiago de Compostela, axuntando a providencia anterior.
6. Informe de Intervención previo ao acordo plenarios citados anteriormente.
7. Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020.
8. Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 15 de setembro de 2020.
9. Informes de taxación dos bens emitidos polo Arquitecto Municipal en data 15 de setembro de 2020.
10. Informe emitido pola Secretaria Municipal en data 16 de setembro de 2020.

FUNDAMENTOS

PRIMEIRO.- Considerando o informe emitido o 15 de setembro de 2020, polo arquitecto municipal deste Concello, do seguinte tenor literal:

"ANTECEDENTES

- Copia do texto do convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arzobispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Dominguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 14.06.2001.

- Copia do texto do convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arzobispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Dominguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 10.06.2002.

- Providencia da Alcaldía do Concello de Cee do 12.09.2019 ao arquitecto municipal solicitando o seguinte:

"Informe preceptivo para llevar a cabo la segregación de la finca de 3740m² de la finca de Brens y para la modificación puntual de la normativa urbanística, a la que se refiere el citado convenio, con indicación de los trámites del procedimiento y plazos de ejecución."

NORMATIVA APLICABLE

- Revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Cee, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña na sesión do 23/02/1995 e incluídas as correccións segundo acordo do Pleno na sesión do 31/03/1995; na súa vixente redacción, en adiante NSPM.

- Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia número 34 de 19 de febreiro de 2016, en adiante LSG.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- As demais normas non aquí transcritas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

INFORME

1 Antecedentes: Convenio urbanístico

O convenio do 10.06.2002 comenza manifestando que o 14.06.2001 foi subscrito entre ambas institucións un convenio de colaboración coas seguintes estipulacións:

" 1 El Arzobispado de Santiago de Compostela segrega y cede gratuitamente al Ayuntamiento de Cee una superficie de terreo de 3.740m2 de extensión superficial, en la finca que posee en Brens, según la ubicación que figura en el plano adjunto, para que por parrte de dicho Ayuntamiento se destine a la construcción de un Polideportivo Cubierto"

2 El Ayuntamiento de Cee, por su parte se compromete a:

- 2.1 Modificar la calificación de los terrenos que quedan en poder del Arzobispado de Santiago de Compostela, pasando de estar afectados estos por ordenanza 11, regulada en el articulo 90 del documento de Planeamiento Municipal, a resultarles de aplicación la ordenanza núm. 5 regulada por el artículo 82 del referido documento de planeamiento, relativa al suelo urbano consolidado (Extensión del Casco Unifamiliar) Para ello se compromete a redactar, tramitar y aprobar la correspondiente modificación puntual de su Documento de Planeamiento Urbanístico tendente a la obtención de dicha recalificación.

- 2.2 Proceder a dotar a la totalidade de los solares que quedan en poder del Arzobispado de Santiago de Compostela de todos los servicios urbanísticos necesarios hasta completar los que tienen en la actualizar, de esta manera dichos solares, en ejecución de lo aquí descrito, dispondrán de los servicios de agua, alcantarillado, alumbrado público, energía eléctrica, telefonía y dotación de aceras y bordillos.

(Segundo) 2 La efectiva entrada en vigor de este convenio se producirá en el momento en que la aprobación definitiva de la modificación puntual del Documento de Planeamiento municipal aparezca publicada en el Diario Oficial de Galicia, siempre y cuando el Ayuntamiento de Cee haya procedido a ejecutar el contenido de la estipulación 2.2 del presente convenio, todo ello, previo informe de los Técnicos Diocesanos en el que se señale el efectivo cumplimiento de las estipulaciones del presente convenio en los dos compromisos señalados.

3 El Presente Convenio tiene una validez máxima de un año contado a partir de la fecha de su firma. Si transcurrido dicho plazo, sin que la aprobación definitiva de la modificación puntual del Documento de Planeamiento Municipal aparezca publicada en el Diario Oficial de Galicia, por cualquier clase de motivo, ambas partes asumen la no validez de lo aquí pactado, quedando, en consecuencia, liberadas de su cumplimiento.

En el caso de que se haya producido la recalificación en el plazo citado, el Ayuntamiento dispondrá de otro plazo de seis meses para proceder a la contratación de las infraestructuras y servicios señalados en la estipulación 2.2 del presente convenio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

4. Corresponderán al Ayuntamiento de Cee, todos los gastos notariales y registrales que se deriven de las cesiones efectuadas a favor del Ayuntamiento como consecuencia de la redacción del presente convenio urbanístico, así como todos los que se deriven hasta hacer efectivos los acuerdos aquí recogidos."

O segundo punto, indica que a modificación puntual referida na estipulación segunda do anterior documento foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación municipal o 27.12.2001 pero que unha vez analilzada a dita modificación, se detecta que non se axusta ao contenido do convenio entre ambas institucións.

O terceiro punto indica que ao Concello resúltalle de máxima urxencia a obtención dos terreos precisos para a construción do Polideportivo Municipal Cuberto e que necesita poder acreditar a titularidade dos ditos terreos para a obtención dunha subvención da Deputación da Coruña.

A continuación contén as estipulacións. Este informe centraráse en analizar esencialmente as cláusulas núm.1, núm. 2 e núm. 3 xa que son as que inclúen cuestións técnicas ou urbanísticas. Non é obxecto deste informe a análise do Convenio inicial do 14.06.2001 nin a Modificación Puntual consecuente, de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90, aprobada definitivamente polo Pleno do 27.12.2001 e publicada no BOP da Coruña núm. 54 do 06.03.2002.

As cláusulas mencionadas indican o seguinte:

1ª O Arzobispado segrega e cede gratuitamente ao Concello de Cee unha superficie de terreo de 3.740m² segundo se indica no plano que se xunta (anexo ao Convenio) para que por parte do dito Concello se destine á construción do Polideportivo cuberto.

2ª O Concello de Cee comprométese a redactar, tramitar e aprobar de novo unha modificación puntual do seu Documento de Planeamento Municipal co fin de dar exacta resposta ao contido do Convenio de colaboración (parte escrita e documentación Gráfica) suscrito o 14.06.2001.

3º O Concello de Cee comprométese a dotar á totalidade dos solares que quedan en poder do Arzobispado de Santiago de Compostela de todos os servizos urbanísticos necesarios hasta completar os que teñen na actualidade, co fin de que estos soares dispoñan dos servizos de auga, saneamento, alumeado público, enerxía eléctrica, telefonía e dotación de beirarrúas e bordos.

<u>2 Informe preceptivo para levar a cabo a segregación da finca de 3.740m² de Brens</u>

En primeiro lugar, analízase a viabilidade de efectuar no momento actual a dita segregación:

O réxime de parcelacións e divisións de terreos é o contido no artigo 150 da LSG. No punto 1 indica que: *"1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas."*

Unha vez superposto o plano do Convenio co plano da ordenación A3/20 vixente nas NSPM – e froito da Modificación Puntual de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90, aprobada definitivamente polo Pleno do 27.12.2001 e publicada no BOP da Coruña núm. 54 do 06.03.2002- e tal e como se pode ver no plano 2 anexo, a dita parcela afectaría a terreos non só

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

en ordenanza 11 (zona recreativa-deportiva) senón tamén en ordenanza 5, 6 e 10. Non se adapta á ordenación urbanística en vigor polos seguintes motivos:

A parte en ordenanza 5 (114,73m²) quedaría sen acceso a viario público e non permitiría unha edificación adaptada a ordenanza. É dicir, quedaría inedificable.

A parte en ordenanza 6 (424m²) tamén quedaría sen acceso a viario público e non permitiría unha edificación adaptada a ordenanza. É dicir, quedaría tamén inedificable.

A parte en ordenanza 10 non cumpriría tampouco co acceso a viario público e non acadaría a superficie mínima de 2.000m² que a ordenanza esixe para poder realizar construcións.

Ademais, a parte en ordenanza 6 e 10 atópase a unha distancia á rede de saneamento existente superior a 50m, polo que debe clasificarse como solo urbano non consolidado toda vez que as obras de urbanización pendentes non se poden considerar como accesorias ou de pouca entidade, segundo indica o art. 17 a) da LSG.

O artigo 18.2. da LSG indica que *"Os terreos incluídos no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable só poderán alcanzar a condición de soar despois da execución do correspondente planeamento urbanístico, incluíndo as obras de urbanización exixibles para a conexión cos sistemas xerais existentes e, se é o caso, para a súa ampliación ou reforzo."*

En consecuencia, dado que a parcela resultante proposta non se axusta á ordenación en vigor e afecta a terreos clasificados como solo urbano non consolidado sobre os que debería aprobarse con anterioridade o planeamento de desenvolvemento preceptivo, segundo o indicado no art. 18.2 e 150.1 da LSG, entendo que non é viable a segregación neste momento.

Canto á viabilidade urbanística da segregación no momento da sinatura do convenio do 10.06.2002 cómpre indicar por se fora de utilidade que a Modificación Puntual de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90, antes mencionada, xa entrara en vigor. Polo tanto o plano do Convenio xa non era coincidente coa ordenación do plano A3/20 e por tanto a parcela a segregar non abranguería só a cualificada coa ordenanza 11 (zona recreativa-deportiva) senón as outras ordenanzas antes mencionadas.

Analizado o réxime urbanístico das parcelacións urbanísticas da Lei 1/1997 do solo de Galicia, obsérvase que a segregación pretendida tamén contradiría as seguintes disposicións desta lei:

"Artigo 173. Indivisibilidade de parcelas. 1. Serán indivisibles: a) As parcelas determinadas como mínimas no correspondente planeamento, co fin de constituír predios independentes. b) As parcelas que teñan dimensións iguais ou menores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás se os lotes resultantes os adquirisen simultaneamente os propietarios de terreos lindantes, co fin de agrupalos e formar un novo predio. c) As parcelas que teñan dimensións menores có dobre da superficie determinada como mínima no planeamento, agás que o exceso sobre o dito mínimo poida segregarse co fin indicado no apartado anterior. (...)"

Como xa se indicou, as partes da finca en ordenanza 5 e 6 quedarían inedificables por non ter acceso a viario público e non permitirían unha edificación axustada ao planeamento. Ademais, a parte en ordenanza 10 é menor á parcela mínima para poder edificar.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

"Artigo 174. Réxime de parcelacións. 1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico esixible segundo a clase de solo de que se trate. (...)"

A proposta do Convenio abrangue ademais de solo urbano consolidado, terreos que debían cualificarse como solo urbano non consolidado, polo que tampouco eran suficientes as NSPM para efectuar unha parcelación xa que precisábase a aprobación previa do planeamento de desenvolvemento.

3 Viabilidade urbanística da modificación puntual das NSPM de Cee á que se refire o convenio

Preténdese a formulación dunha modificación puntual do instrumento de planeamento xeral do Concello de Cee para axustar a ordenación do ámbito á proposta contida no plano anexado. A análise deste apartado estruturase nos seguintes apartados: Análise do convenio á vista da regulación actual contida na LSG e RLSG, análise do convenio á vista da regulación urbanística existente no momento da súa sinatura, análise da ordenación que propón a modificación e do axuste ás condicións impostas pola lexislación urbanística, procedemento de aprobación e conclusións.

3.1 Análise do convenio á vista da regulación actual contida na LSG e RLSG

Os Convenios urbanísticos aparecen regulados no Título VII da LSG e do RLSG.

O artigo 398 do RSG indica no seu punto 3 que *"3. Os convenios urbanísticos poden ter, entre outros, os seguintes obxectivos: a) A determinación do contido de posibles modificacións do planeamento en vigor. b) Os termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento en vigor no momento da celebración do convenio."*

Ademais, o punto 4º indica que *"4. Serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios urbanísticos que contraveñan, infrinxan ou defrauden obxectivamente normas imperativas legais ou regulamentarias, incluidas as do planeamento urbanístico (artigo 165.3 da LSG).*

Os convenios urbanísticos non poderán establecer obrigas ou prestacións adicionais nin máis gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo das persoas propietarias afectadas."

Á vista do punto 2º do Convenio do 10.06.2002 observamos que pretende unha modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello, é dicir, encaixaría na categoría de convenio urbanístico de planeamento. Ademais, incorpora unha proposta da ordenación definida a través do plano anexo.

Así mesmo, o punto 3º do Convenio obriga ao Concello a dotar á totalidade dos soares resultantes en poder do Arzobispado de todos os servizos urbanísticos necesarios para completar os que ten na actualidade. É dicir, o convenio tamén inclúe disposicións de execución do planeamento reservados aos convenios urbanísticos para a execución do planeamento.

Con respecto do cumprimento dos requisitos dos Convenios urbanísticos de planeamento, o art. 399 indica que só poderán conter acordos ou pactos que, afectando única e exclusivamente as partes que os subscriban, **sexan preparatorios e non vinculantes** da resolución que se deba adoptar no procedemento de aprobación ou alteración do planeamento en vigor. Tamén no punto 3 indícase con respecto a esta cuestión que o Concello deberá tramitar a modificación do instrumento a que se comprometese, pero conservará a plena potestade de planeamento por razóns de interese público. Para tal efecto, o convenio so vinculará as partes que o subscriben para a iniciativa e tramitación do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

procedemento correspondente, con base no acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de solución concretas de ordenación

No caso que nos ocupa, preséntase unha solución finalista xa concretada nunha parcelación que implica a recualificación inequívoca dos terreos, co que excédese do carácter de preparatorio e, en consecuencia, limítase ao meu xuízo a potestade de planeamento do Concello de Cee ao prefixarse xa no Convenio a ordenación resultante.

Tamén indica o artigo 399 que os convenios urbanísticos de planeamento entenderanse automaticamente resoltos no caso de que finalmente non se aprobe o cambio do planeamento.

Con respecto ao cumprimento dos requisitos dos convenios urbanísticos para a execución do planeamento, o art. 400 indica que débense limitar á determinación dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento (artigo 167 da LSG). Neste caso, propóñense operacións de urbanización (execución) nunha ordenación diferente á que se atopa en vigor.

Ademais, este artigo indica que do cumprimento dos convenios de execución en ningún caso poderá derivar modificación, alteración ou dispensa do planeamento. O feito de que o Convenio, na súa estipulación 3ª obrigue ao concello a **completar a urbanización dos terreos** de aproveitamento lucrativo para que estes acaden a configuración de soar pode resultar unha dispensa de planeamento xa que as citadas operacións son obrigas legais dos propietarios dos terreos, non da administración. O artigo 20 da LSG indica que é un deber dos propietarios do solo urbano consolidado *"Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento."*

Ademais, o feito de cargar ao Concello con obrigas de urbanización que non lle corresponden legalmente podería supor o establecemento de obrigas ou prestacións adicionais máis gravosas das que legalmente procedan en prexuízo das persoas afectadas.

O artigos 401, 402 e 403 do RLS fan mención aos requisitos de formalización, ao perfeccionamento e á publicidade dos convenios. Compre indicar que non se aprecia no expediente mención á dilixencias de audiencia a outros propietarios ou a titulares de dereitos nin que este conte cos requisitos de publicidade indicados no artigo 401.2 do RLSG.

En consecuencia, débese concluír que o Convenio non se axusta ás determinacións legais que rexen no momento actual para tales instrumentos.

3.2 <u>Análise do convenio á vista da regulación urbanística existente no momento da súa sinatura</u>

O réxime urbanístico en vigor no momento da sinatura do Convenio, o 10.06.2002, era o establecido pola Lei 1/1997 do solo de Galicia. Ademais, no marco constitucional das competencias estatais, resultaba de aplicación a Lei 6/1998, do 13 de abril sobre réxime do solo e valoracións.

A Lei 1/1997 non contempla o réxime xurídico dos convenios urbanísticos. A Lei 9/2002, do 30.12.2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG) incluíu por primiera vez a regulación destes instrumentos. Sen embargo, non entrou en vigor ata o 1.01.2003 en base á súa disposición final terceira.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Varias análises xurídicas existentes sobre os convenios urbanísticos indican que nese momento era a xurisprudencia a que concretaba a súa definición e os seus límites. Por exemplo, pódese citar a Sentenza do TS do 15.02.1994 que os define como: *"instrumentos facilitadores de la actuación urbanística, constituyen una práctica que tiende a complementar las determinaciones legales en la materia, posibilitando el acuerdo de las partes afectadas, contribuyendo a facilitar la gestión, eliminando "ab initio" los puntos de fricción y los obstáculos que una determinada actuación urbanística pueda originar; y* ***sin que sea dable atribuir a las mismas la constitución de un sistema de ejecución del Planeamiento, sin que pueda sustituir en cada caso el Planeamiento elegido****".*

Ademais, autores como D. Ulises Bértolo García – *Los convenios urbanísticos. Estudios y notas. Revisa Galega de Administración Pública núm. 43, páxs. 203-2017* - , inciden en buscar a cobertura legal dos convenios na lexislación de contratos das adminsitracións públicas. No momento da signatura deste Convenio estaba en vigor o Texto refundido da Lei de contratos das Administacións Públicas aprobado polo R.D.L. 2/2000. O seu art. 4 indicaba o seguinte: *"Artículo 4. Libertad de pactos. La Administración podrá concertar los contratos, pactos y condiciones que tenga por conveniente,* ***siempre que no sean contrarios al interés público, al ordenamiento jurídico o a los principios de buena administración*** *y deberá cumplirlos a tenor de los mismos, sin perjuicio de las prerrogativas establecidas por la legislación básica en favor de aquélla."*

En definitiva, e sen prexuízo do que se poida establecer nunha análise xurídica, é clara a necesidade de establecer se as pretensións do convenio se adecuaban ao réxime urbanístico vixente.

En primeiro lugar, contemplamos o disposto polo artigo 50 da Lei 1/1997, o cal contiña a regulación das modificacións dos plans. O seu punto 2 indicaba que *"****2. Sen embargo, cando a modificación tendese a incrementa-la intensidade do uso dunha zona, requirirase para aprobala a previsión dos maiores espacios libres, dotacións e equipamentos que requira a actuación proposta.****"* Como se analiza no apartado seguinte (3.3) a modificación proposta prevé un aumento de aproveitamento lucrativo e unha diminución dos terreos dotacionais existentes.

A continuación, cómpre centrarse na análise do réxime urbanístico dos terreos afectados pola modificación proposta no momento da sinatura do Convenio. A disposición transitoria segunda da Lei 1/1997 indicaba o seguinte: *"Disposición transitoria segunda: En tanto non se adapten os plans xerais e as normas subsidiarias actualmente vixentes a esta lei, o réxime urbanístico aplicable será o que resulte dela, coas seguintes singularidades: 1) Ó solo urbano aplicaráselle o réxime do solo urbano establecido nesta lei, e o aproveitamento urbanístico que lles corresponde ós propietarios será: a) Nos terreos situados en zonas consolidadas, o aproveitamento real que resulte da aplicación directa das determinacións do plan. b)* ***Nos terreos situados nas áreas non consolidadas ás que se refire o artigo 65.2 desta lei, e, polo tanto, incluídos ou por incluír nun polígono para ser obxecto de execución integral, o 85% do aproveitamento medio do polígono, que se calculará dividindo a edificabilidade total, incluída a dotacional privada, pola superficie total do polígono excluídos os terreos afectos a dotacións públicas existentes."***

O art. 65 incluía na definición do solo urbano consolidado aos terreos que o planeamento xeral lles recoñeza este carácter por non resultar necesario o desenvolvemento de actuacións de execución integral. No art. 64 indícasenos que os terreos urbanos contarán con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministración de enerxía eléctrica, debendo ter estes servicios características axeitadas para servir á edificación que sobre eles exista ou se vaia construír. Así

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

mesmo, o antedito art. 65 encadraba na definición de solo urbano non consolidado **aos terreos que deban someterse a un proceso de execución integral**. Como se analiza no seguinte apartado, incluso no momento actual, non se pode considerar que todos os terreos afectados pola modificación proposta se podan considerar solo urbano consolidado.

En consecuencia, a cláusula terceira do convenio, consistente na obriga ao Concello de Cee de urbanizar a fronte dos soares propostos para a edificación residencial co fin de convertilos en soares edificables non era acorde co réxime urbanístico xa que, polo menos en parte, debían clasificarse como solo urbano non consolidado e era necesario establecer unha actuación integral e o aproveitamento do propietario sería o determinado en base ao aproveitamento tipo fixado para a área de reparto. (arts. 70 e 71 da Lei 1/1997).

As obrigas dos propietarios do solo urbano estaban referidas no art. 70 da Lei: *"a)* ***Cederlles gratuitamente ós concellos respectivos os terreos destinados a viais, parques, xardíns públicos e demais dotacións públicas establecidas polo planeamento****, sempre que sexa posible o reparto equitativo das cargas e dos beneficios entre os propietarios afectados.* ***Os terreos destinados a sistemas xerais que se inclúan en áreas de reparto serán de cesión obrigatoria e gratuíta****. b) Cede-lo terreo necesario para situa-lo 15% do aproveitamento tipo que corresponda ós terreos incluídos nas áreas de reparto que se definan polo planeamento en solo urbano non consolidado. c)* ***Custea-la parte que lles corresponda do importe da urbanización****, ou executala nos polígonos que se xestionen polo sistema de compensación de acordo cos prazos previstos. d) Solicita-la licencia de edificación e edifica-los soares cando o plan así o estableza e nos prazos que este sinale. e) Cede-los terreos nos que se localice o aproveitamento correspondente ó Concello, por exceder do susceptible de apropiación privada."*

Pódese ver que o feito de pretender asignar ao Concello a carga de urbanizar o fronte de parcelas dun particular vai en contra do expresado no parágrafo anterior, é unha obriga dos propietarios do solo.

En consecuencia, entendo que o pretendido pola modificación no momento da sinatura do Convenio tampouco se axustaba ao ao réximen urbanistico establecido para os propietarios do solo urbano. Entendo que a opción viable pasaba por redactar unha modificación puntual que definira o ámbito dunha actuación integral ou polígono no que se producira un reparto equitativo de cargas e beneficios entre propietarios e onde o modo de obtención de terreos dotacionais polo Concello fora a cesión gratuita.

3.3 <u>Análise da ordenación que propón a modificación, e do axuste ás condicións impostas pola lexislación urbanística</u>

A continuación analízase a ordenación proposta no plano anexo ao Convenio. Como documentación base realízase a superposición do dito plano sobre o plano de ordenación A3/20 das NSPM – e froito da Modificación Puntual de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90, aprobada definitivamente polo Pleno do 27.12.2001 e publicada no BOP da Coruña núm. 54 do 06/03/2002- .a cal está reflectida no Plano 2 anexo a este documento (Plano 2 – análise da recualificación de zonas de ordenanza).

Podemos establecer as seguintes características da ordenación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

- Propón incrementar o fronte da ordenanza 5 pola vía situada ao norte, a cal ten un largo previsto de 12m, ocupando polo leste terreos situados en ordenanza 6. A superficie afectada é de 340m². Esta extensión supera os 16m en dirección leste, separándose da rede de saneamento existente máis de 50m. Esta necesidade de realización dunha extensión de rede de saneamento de grande magnitude fai moi difícil encadrar estas obras de urbanización como accesorias ou de pouca entidade e, por tanto, compatibles cunha clasificación de solo urbano consolidado. En consecuencia, a extensión proposta produciríase sobre terreos de solo urbano non consolidado xa que son necesarios procesos de urbanización, segundo así se prescribe no art. 17 b) da LSG

- Propón incrementar o fondo máximo da zona en ordenanza 5 da vía situada ao oeste, a cal ten un largo previsto de 10m. Este incremento ocuparía terreos en ordenanza 11 (zona recreativo-deportiva) cunha superficie de 1.016,14m².

- Propón cualificar terreos en ordenanza 10 – zona verde- como ordenanza 11 – zona recreativo-deportiva- afectando a 654,96m² .

Da aplicación da ordenanza 5, e tal e como se reflicte no plano 1 anexo a este informe, calcúlase a edificabilidade existente no ámbito, segundo a definición contida no art. 41.4 da LSG, - sen considerar a situada nos sotos. Esta resulta de 6.558,32 m². A edificabilidade dos terreos en ordenanza 6 ascendería a 204,10m² (340,17 x 0,3 x 2 - non se considera o baixo cuberta xa que depende da definición do detalle do perímetro da edificación). A edificabilidade total actual é, en consecuencia, de 6.762,42m²

Da aplicación da dita ordenanza 5 nos ámbitos propostos a edificabilidade ascendería a 7.837,51m². En consecuencia, o aumento de edificabilidade proposto pola nova ordenación é de 1.075,09m² (16%.)

Polo tanto o primeiro e mais claro dos obxectivos da ordenación é o incremento do aproveitamento lucrativo do ámbito nun 16%.

- O incremento de edificabilidade proponse en ordenanza 5 – edificación continua entre medianeiras formando rueiros pechados-. Da vista da zona na que se pretende inserir a ordenación apréciase que se trata dun ámbito que aínda que conta con servizos urbanísticos coma saneamento, abastecemento de auga e enerxía eléctrica, así como a existencia do equipamento da casa de cultura da parroquia de Brens e o CEIP anexo, non se atopa consolidado pola edificación. A tipoloxía de predominante é a de edificación illada de uso vivenda familiar e de pequena escala. Un aumento da superficie edificable nunha tipoloxía allea á zona como é a vivenda unifamiliar adosada que propón a ordenanza 5 entendo que non contribúe a mellorar a ordenación. Trátase dunha ordenanza que en terreos pouco urbanizados xera medianeiras á vista e crea amplos frontes contínuos de edificacións coa consecuente afección ao ambiente circundante e a paisaxe aberta.

A ordenanza 6 que se propón susbtituír pola 5 en 340,17m² é máis congruente co medio no que estamos xa que conleva unha edificación illada en parcela independente rodeada de xardín, evitando a xeración de frontes continuos de edificación ao carón das rúas así como de medianeiras á vista.

- Propón tamén un viario privado pola parte posterior das parcelas como se dun complexo inmobiliario se tratase onde as vivendas comparten unha zona común de acceso aos garaxes. Esta cuestión incumpre o disposto no penúltimo parágrafo do quinto punto da ordenanza 5 que indica o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

"*En ningún caso as edificacións situadas en zona con esta cualificación poderán dividirse en propiedade horizontal, tendo que pertencer o conxunto a un único propietario.*"

Canto á análise das recualificacións de terreos entre ordenanza 11 e 10 que afectan a 656,96m² trátase de terreos dotacionais nos que cambia a súa ordenación de zona verde a zona recreativo-deportiva. É dicir, prodúcese unha diminución das zonas verdes de 656,96m². Ademais, como se indica no plano 2 que se xunta, a proposta reduce de maneira global os terreos cualificados como dotacionais en 447,41m².

A continuación e tras a descrición dos cambios pretendidos, analizamos se se dan os supostos contidos no artigo 83 da LSG que motiven unha modificación puntual do planeamento urbanístico.

O artigo 83.1 indica que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

A modificación plantea unha ampliación do aproveitamento lucrativo de 1.075,09m², o que corresponde cun 16% da edificabilidade actual, ampliando a superficie construída nunha ordenanza, a 5, de edificacións entre medianeiras que xera quinteiros pechados en detrimento de edificabilidade en edificación illada e, ademais, o Concello perdería 447,41m² de terreos que están a día de hoxe cualificados como dotacionais. En consecuencia, non se aprecia o interese público da modificación en base a criterios de calidade urbanística ou incremento das dotacións.

Por outro lado, e no que respecta á cesión ao Concello de Cee dunha parcela de 3.740m² que o convenio indica na súa estipulación núm. 1, apreciamos un aumento de superficie con respecto da parcela cualificada como ordenanza 11 das NSPM – 3.477,93m²-. É dicir, este incremento de 262,07m² é a única motivación que se aprecia de interese público na proposta de modificación.

En conclusión e a vista do plano 2 do anexo, observamos que a modificación non plantexa cambios na clasificación do solo, pero si os plantea na cualificación del. Sen embargo, o obxectivo principal é un aumento de edificabilidade (aproveitamento lucrativo) de 1.075,09m² e nunha tipoloxía que non se pode considerar a óptima en termos de integración no ambiente. A pesar de que a parcela de equipamento de obtención municipal incrementaríase en 262,07m², redúcese a superficie total destinada a dotacións e, concretamente, a zona verde. Polo tanto, ao meu xuízo non se acadan os requisitos de motivación indicados no punto 1 do art. 83 da LSG.

A análise anterior axústase tamén á óptica do réxime urbanístico en vigor no momento da sinatura do convenio do . Os motivos son os seguintes:

- A aplicación da disposición transitoria segunda da Lei 1/1997 xa conlevaba a distinción entre o réxime urbanístico do solo urbano consolidado e do non consolidado.

- A ordenación aplicable nos terreos era xa a actual, definida no Plano A3/20 das NSPM, froito da Modificación Puntual de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90.

- O artigo 59 da Lei 1/1997 inclúe disposicións equivalentes ás actuais de adaptación ao ambiente como normas de aplicación directa.

3.4 <u>Tramitación</u>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

O punto 5 do artigo 83 indica que a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxetaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación. En consecuencia, aplícase o disposto no artigo 60 da LSG pero cambiando ás referencias ao "PXOM" por "modificación das NSPM":

"Artigo 60. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal

1. O concello promotor do plan poderá solicitar da consellaría competente en materia de urbanismo canta documentación considere necesaria ou de interese para a redacción do plan xeral de ordenación municipal do que se trate.

A consellaría, no prazo máximo dun mes, facilitará á Administración municipal a documentación solicitada e coordinará canta información se deba ter en conta para a redacción do instrumento de planeamento e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.

2. Iniciada a fase de formulación do planeamento xeral, redactarase un borrador do plan e un documento inicial estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

3. O concello promotor do plan trasladará a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, un borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, o cal comprobará, no prazo máximo dun mes, que aqueles inclúen os documentos exixibles e solicitará, na súa falta, que se acheguen os documentos preceptivos.

4. O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente.

Realizadas as consultas, o órgano ambiental, no prazo de dous meses contados desde o efectivo cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, que, como mínimo, incluirá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable.

5. O concello elaborará o estudo ambiental estratéxico atendendo os criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultas deste elaborará a versión inicial do plan.

6. O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa ***aprobación inicial*** *e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.*

7. O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable. Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

8. O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

9. Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

10. O órgano ambiental, no prazo máximo dun mes, realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no ambiente. Se durante a referida análise observa algunha deficiencia, instará o concello á reparación no prazo máximo de tres meses. Neste suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

Se, transcorridos tres meses desde o requirimento do órgano ambiental, o concello non remitise o expediente reparado, ou se unha vez presentado for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, e notificará ao concello promotor e á consellaría competente en materia de urbanismo a resolución de terminación.

11. O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

12. Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan.

No caso de que se introducisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública.

13. Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes. O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellaría competente en materia de urbanismo.

14. A consellaría, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.

15. Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación superior a 50.000 habitantes, a consellaría competente en materia de urbanismo, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, emitirá informe preceptivo e vinculante sobre as seguintes cuestións:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan.

b) A conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.

c) A coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, co Plan de ordenación do litoral e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.

d) A incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

16. Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación inferior a 50.000 habitantes, a consellaría, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

*a) **Aprobar definitivamente o plan**, nos mesmos termos nos que se formula.*

b) Aprobar definitivamente o plan coas condicións precisas e determinadas que se xulguen necesarias para reparar as deficiencias que presente o documento, derivadas das cuestións da súa competencia sinaladas no punto 15 anterior. Neses casos, de ser necesario, procederase de acordo co establecido no artigo 62.

c) Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a súa rectificación, resultando aplicable nesas áreas o réxime contido no artigo 89.

d) Non outorgar a aprobación definitiva.

O plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.

17. Para resolver sobre a aprobación definitiva, a consellaría competente en materia de urbanismo analizará as cuestións sinaladas no punto 15 anterior."

Con respecto da avaliación ambiental estratéxica, segundo o artigo 46 da LSG unha modificación menor dos instrumentos de planeamento coma as NSPM de Cee sería obxecto da avaliación ambiental estratéxica simplificada salvo que así o decida o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico ou cando así o solicite o promotor. En consecuencia, á tramitación ambiental do procedemento ambiental anterior, de ser o caso, quedaría eximida dos pasos relativos á avaliación estratéxica ordinaria.

A tramitación da avaliación ambiental simplificada aparece regulada nos articulos 29-32 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental estatal. Comenza coa solicitude de inicio da avaliación: *"1. Dentro del procedimiento sustantivo de adopción o aprobación del plan o programa, el promotor presentará ante el órgano sustantivo, junto con la documentación exigida por la legislación sectorial, una solicitud de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

inicio de la evaluación ambiental estratégica simplificada, acompañada del borrador del plan o programa y de un documento ambiental estratégico (...)"

Unha vez feitas as comprobacións oportunas o órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar. A continuación regúlase unha fase de consultas ás Administracións públicas afectadas e aos interesados e o órgano ambiental formula o informe ambiental estratéxico no prazo de 4 meses contados dende a recepción da solicitude de inicio e dos documentos que a deben acompañar. Por último, o órgano ambiental, considerando o resultado das consultas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei, resolverá mediante o informe ambiental estratéxico que poderá determinar o seguinte:

a) A modificación puntual debe someterse a unha avaliación estratéxica ordinaria.

b) A modificación puntual non ten efectos significativos sobre o medio ambiente, nos termos establecidos no informe ambiental estratéxico. O dito informe remitirase polo órgano ambiental para a súa publicación no diario oficial correspondente.

3.5 Conclusións:

En relación co pronunciamento solicitado acerca da oportunidade da modificación puntual das NSPM contida no Convenio asinado entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e a Alcaldía do Concello de Cee do 10.06.2002 cómpre informar o expediente **desfavorablemente** polos seguintes motivos:

- O convenio urbanístico do 10.06.2002 non se adapta a normativa urbanística vixente tal e como se desprende da análise efectuada no apartado 3.1 e tampouco queda acreditado que a proposta urbanística que inclúe se axuste estritamente ao réxime urbanístico vixente no momento da súa sinatura, polos motivos indicados nos apartados 3.2 e 3.3.

- Non se aprecia o interese público preceptivo para motivar neste momento unha modificación do instrumento de planeamento xeral de Cee toda vez que, entre as demais cuestións indicadas, a recualificación de terreos da ordenación proposta supón un incremento do aproveitamento lucrativo e unha diminución dos terreos dotacionais existentes.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, a cal someto a calquera outra mellor formada. Ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste da actuación pretendida á legalidade vixente.

Cee, na data da sinatura dixital
O arquitecto,
Manuel Pueyo Varela."

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Terreos. en ordenanza 6 que pasarían a ordenanza 5 = 340,17 m²

Terreos en ordenanza 6 que pasarían a ordenanza 11= 424,00 m²

Terreos en ordenanza 10 que pasarían a ordenanza 11 = 654,96 m²

Terreos en ordenanza 11 que pasarían a ordenanza 5 = 1.016,14 m²

Terreos en ordenanza 5 que pasarían a ordenanza 11 = 114,73 m²

Diminución de terreos dotacionais = 1016,14 - 424m² - 114,73m² = 477,41 m²

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



PLANO 01 - ANÁLISE DA EDIFICABILIDADE PROPOSTA

SEGUNDO.-Vistos os informes emitidos polo Arquitecto Municipal en data 15 de setembro de 2020, do seguinte tenor literal:

"INFORME TÉCNICO – TAXACIÓN DE FINCA EN BRENS. CONCELLO DE CEE

1. ANTECEDENTES, FINALIDADE, e IDENTIFICACIÓN

Por orde da Alcaldía do Concello de Cee, emítese a seguinte taxación co fin de coñecer o valor dos terreos dunha parte da seguinte parcela catastral, analizando a situación urbanística de partida no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

momento da sinatura do convenio asinado entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e a Alcaldía do Concello de Cee o 14.06.2001.

Provincia	Concello	Parroquia	Superficie finca	Superficie valorada	Referencia Catastral
A Coruña	Cee	Brens	7.389,61 m2	7.389,61 m2	59530D9MH8555S0001AY

A parcela obxecto da valoración correspóndese cos predios indicados nos puntos 2 (terreos para construción de polideportivo cuberto), 3 (acceso á parcela segregada) e 4 (zona de soares).
A parte co número 2 foi cedida ao Concello de Cee en virtude do nomeado Convenio. A data da valoración considerase, por tanto, o 14.06.2001.
Neste informe valórase a situación de partida do Arzobispado en relación coa finca indicada anteriormente, de 7.389,61m² segundo medición sobre a cartografía obtida na Oficina virtual do Catastro.
Como se indicará no apartado correspondente deste informe, a parcela considérase a efectos da valoración que se atopa en situación básica de urbanizado.
Xúntase plano relativo ao Convenio onde a finca segregada correspóndese cos ámbitos marcados cos núm. 2 (terreo para a construción dun polideportivo cuberto) e 3 (acceso a polideportivo).



Plano anexo ao Convenio

2. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

- Revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Cee, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña na sesión do 23/02/1995 e incluídas as correccións segundo acordo do Pleno na sesión do 31/03/1995; na súa vixente redacción, en adiante NSPM.

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana, en adiante TRLS

- Real Decreto 1492/2011, de 24 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento de valoraciones de la Ley de Suelo., en adiante RV.

- Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

3. LOCALIDADE E ENTORNO

A parcela está situada ao norte da escola Casa da Cultura de Brens e ao sur do núcleo rural da Grixa, na parroquia de Brens.

4. O TERREO. INFRAESTRUCTURAS

A parcela ten acceso mediante pista asfaltada polo seu linde leste que conecta coa estrada autonómica AC-550. Pola dita pista discorren na actualidade as redes de abastecemento de auga e saneamento enterradas, segundo consulta feita ao persoal técnico da empresa concesionaria do servizo Augas de Corcubión. Así mesmo, discorren redes de enerxía eléctrica e alumeado público mediante rede aérea.

Segundo o plano anexo ao Convenio a parcela cedida ao Concello ten unha superficie de 3.740 m2 e unha fronte a dita pista de 11,37m².

Partirase neste informe de que esta situación xa se daba na data da valoración, o 14.06.2001, xa que non se dispón de ningunha outra información que o contradiga.

5. SITUACIÓN URBANÍSTICA

A parcela atópase clasificada como solo urbano polas NSPM de Cee. Á vista do plano A3/20 previo á Modificación Puntual de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90, aprobada definitivamente polo Pleno do 27.12.2001 e publicada no BOP da Coruña núm. 54 do 06/03/2002- e tal e como se pode ver no plano anexo, a dita parcela maioritariamente está calificada coa ordenanza 11 (zona recreativa-deportiva). Tamén conta coas cualificacións en ordenanza 6 (Extensión casco "cidade xardín") e 10 (zona verde)

Tendo en consideración que as NSPM constitúen planeamento xeral, non encontrándose estas adaptadas á Lei 1/1997 do solo de Galicia vixente nese momento. Hai que aterse ao disposto polo seu réxime transitorio: (Disposición transitoria primeira 2 a) da LSG): Aos terreos que reúnan as condicións do art. 17 a) aplicaráselles o disposto nela para o solo urbano consolidado e aos que reúnan as condicións do art. 17 b) o disposto na Lei para o solo urbano non consolidado.

6. VALOR DE TAXACIÓN

A efectos deste informe, considérase que a situación básica do predio é a de urbanizado polos seguintes motivos:

- A parcela conta no seu fronte con redes de saneamento e abastecemento de auga, electricidade e alumeado que discorren por unha vía local, non interurbana nin circunvalación. (art. 21.3 do TRLS)
- A finalidade da cesión era a construción inmediata dun polideportivo municipal.

O RV indica no seu art. 19 que para a valoración en situación de solo urbanizado non edificado estarase ao disposto no art. 22. É dicir, aplicarase á edificabilidade de referencia o valor de repercusión do solo segundo o uso correspondente e a expresión Vs=$\sum EixVRSi$

Aos terreos cualificados como solo urbano dotacional (Art. 87 e ss das NSPM), en liña coa finalidade da segregación para a construción dunha dotación pública obxecto co Convenio urbanístico, e ante a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

inexistencia dun listado de dotacións publicas específico nas NSPM de Cee, considérase a efectos desta taxación como áreas que non teñen asignada edificabilidade ou uso lucrativo privado pola ordenación urbanística. En consecuencia segundo o art. 21 do RV, atribuiráselles unha edificabilidade media ponderada dun ámbito espacial homoxéneo no que a parcela se integre.

A continuación móstrase o ámbito espacial homoxéneo seleccionado. Trátase dun ámbito de 20.152m² que coincide co ámbito de terreos urbanizados do entorno da parcela da escola e casa da cultura da parroquia de Brens.



As parcelas que conforman o ámbito espacial homoxéneo son as seguintes:

Ref. catastral	Superficie (m2)	Edificabilidade (m2/m2)	Ordenanza	Uso
5954301MH8555S	1169	0,56	6	Vivenda unifamiliar
5954302MH8555S	283			
5954303MH8555S	133			
5954304MH8555S	183			

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

5954305MH8555S	179			
5954306MH8555S	618			
6054306MH8565S	480			
6054307MH8565S	754			
59530D9MH8555S	610			
5753018MH8555S	187	1,01	5	
5753019MH8555S	197			
5753020MH8555S	374			
5753055MH8555S	595			
5753021MH8555S	2.238			
5753022MH8555S	622			

O aproveitamento urbanístico determínase á vista das determinacións do plan sobre a parcela.
No caso da ordenanza 6 pártese da edificabilidade ou cabida na parcela mínima de 300m², segundo os parámetros da ordenanza 6. Obtense o índice 0,56 m²/m².
Canto ao cálculo da edificabilidade en ordenanza 5, aplícase un fondo de 14m para uso residencial e compútanse os m2 edificables. Estes divídense pola superficie do ámbito en ordenanza 5 dando lugar ao índice de edificabilidade de 1,01m²/m².

Polo tanto, a edificabilidade media do ámbito calcularase de acordo co establecido no art. 21 do RV recollido anteriormente considerando o uso de referencia (residencial unifamiliar). A expresión queda da seguinte maneira:
Edificabilidade media (m2e) = Σ (Superficie total x Indice de edificabilidade) / Σ Superficie total(*)
(*) descontado o solo dotacional público xa afecto ao seu destino. Considéranse nesta situación o espazo destinado polas NSPM a viario e aos terreos dotacionais (ordenanzas 10 e 11), por elo só se teñen en conta a superficie das parcelas con aproveitamento lucrativo privado (uso característico residencial vivenda unifamiliar).
En consecuencia, a edificabilidade media ponderada para o ámbito espacial homoxéneo resultaría da seguinte expresión:

Em = (4.409x0,56)+(4.213x1,01) / 8.622 = (2.469,04+4.255,13) / 8.622 = **0,78**

Estudo de Mercado:

Comparable	Localización	Antigüidade anos	Superficie m²c	Prezo €	Prezo €/m²
C1	Rúa Armada 136	(reforma int. 2012) 8	125	95.000	760
C2	Pontella s/n	(1998) 22	341	230.000	674,49

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

C3	Brens 72	(1978) 42	449	390.000	868,60
C4	Ameixenda 89	1959 (reforma int 2008) 12	161	225.000	1.397,51
C5	Caminos Chans 16	1965 55	114	65.000	570,17
C6	Rúa Escola 20	1990 30	363	230.000	633,61

Comparable	Superficie m²c	Prezo venda €	Valor (corrección considerada 7,5%) €	Valor unitario €/m²
C1	125	95.000	87.875	703
C2	341	230.000	212.750	623,90
C3	449	390.000	360.750	803,45
C4	161	225.000	208.125	1.292,70
C5	114	65.000	60.125	527,41
C6	363	230.000	212.750	586,09

Os valores obtidos no Estudo de Mercado deben ser homoxeneizados a fin de obter un valor unitario que permita calcular o prezo do inmoble obxecto da valoración.
Aplícase un primeiro coeficiente de minoración a todas as mostras do 7,5% en atención a que se trata de ofertas suxeitas a baixas e a eventuais honorarios de comercialización.
Individualmente aplícase a homoxeneización nos criterios de localización e antigüidade e conservación. Estes criterios aplícanse segundo o art. 18.4 do RV, considerando que o uso da edificación é residencial e por tanto ten unha vida útil de 100 años, e a porcentaxe transcorrida dela coincidirá coa súa antigüidade. O estado de conservación das mostras considérase normal de acordo coa definición
establecida no RV.
El coeficiente β é o establecido en el Anexo IV do RV, considerando o estado de conservación e antigüidade determinado para as mostras .

TESTIGO	Valor unitario ou corrixido	**Coef. localización**	Antigüidade (anos)	β i (β=0,00). Corrector por antigüidade e conservación	Factor de relación do valor estimado das construcións con respecto do	**Coeficiente de antigüidade e conservación** =(1 – β x F)	Valor unitario homoxeneizado €/m²

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

					valor da propiedade	/ (1- βi x F)	
T1	703	0,9	8	0,0432	0,804	1,04	658
T2	623,90	1,05	22	0,1342	0,804	1,12	733,71
T3	803,45	1	42	0,2982	0,804	1,31	1.052,52
T4	1.292,70	0,9	12	0,0672	0,804	1,06	1.233,23
T5	527,41	1	55	0,4263	0,804	1,52	801,66
T6	586,09	0,9	30	0,1950	0,804	1,19	627,70
						Media	**851,14**

A continuación, para actualizar o prezo de venda á data da valoración, aplicamos a variación do IPC da vivenda dende xuño de 2001 ao último dato existente na serie do INE, resultando o valor do 53,8% (-457,91€/m²). En conclusión o Vv aplicable resulta de **393,23** €/m².

Unha vez determinado o Vv (Valor en venta), só resta por determinar os coeficientes K (ponderación) e Vc(valor de construción), para poder determinar a repercusión do solo (VRS).

VRS=Vv/K-Vc

Para o coeficiente K óptase polo valor de 1,2 por tratarse dun uso unifamiliar nun municipio con escasa dinámica inmobiliaria, segundo o disposto no art. 22 do RV.

Para estimar o coste da construción pártese do Módulo Básico da Construcción (MBC5) que, segundo o Real decreto 1020/1993, é de 205,54€/m² que corresponde ao resultado de sumar os costes de execución, incluídos os beneficios da contrata, honorarios profesionales e importe de los tributos que gravan la construción. Este MBC5 debe actualizarse a valores da data da valoración e correxirse en función da tipoloxía e calidade da construción.
Consultada a variación do IPC para a provincia da Coruña entre xullo de 1993 e xuño de 2001 esta resulta do 30,9 %.
Consultado o cadro de coef. do valor das construcións do Real decreto 1020/1993, esta resulta de 1,15 para vivenda en liña. Polo tanto, o MBC5 aplicable sería de 309,41 €/m2

O valor de reposición do solo queda VRS = Vv/K-Vc = 393,23/1,2 – 309,41 = 18,27€/m2

Conclusións:

O valor de taxación obtense mediante a seguinte expresión – Vs =$\sum EixVRSi$= **0,78 x 18,27 = 14,25 €/m²**

En consecuencia, o valor total da parcela, segundo a superficie indicada de 7.389,61 m2, resultaría de 105.301,94 €.
O valor da parcela cedida ao Concello, segundo a superficie indicada de 3.740m², resultaría de 53.295 €.
O valor do resto da matriz inicial (3.649,61m²) resultaría de 52.006,94 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, a cal someto a calquera outra mellor formada. Ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario.
Cee, na data da sinatura dixital
O arquitecto,
Manuel Pueyo Varela."

"**INFORME TÉCNICO – TAXACIÓN DE FINCA EN BRENS. CONCELLO DE CEE**

1. ANTECEDENTES, FINALIDADE, METODOLOXÍA E OBSERVACIÓNS

Por orde da Alcaldía do Concello de Cee, emítese a seguinte taxación co fin de coñecer o valor dos terreos dunha parte da seguinte parcela catastral, analizando a situación urbanística unha vez publicada a *Modificación Puntual de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90*, aprobada definitivamente polo Pleno do 27.12.2001 e publicada no BOP da Coruña núm. 54 do 06.03.2002 e na data da sinatura do Convenio asinado entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e a Alcaldía do Concello de Cee o 10.06.2002.
A data da valoración considerase, por tanto, o 14.06.2002.

Provincia	Concello	Parroquia	Superficie finca	Superficie valorada: Resto matriz tras cesión	Referencia Catastral
A Coruña	Cee	Brens	7.389,61 m2	7.389,61 m2 – 3.740 m² = 3.649,61m²	59530D9MH8555S0001AY

A parcela obxecto da valoración correspóndese cos predios indicados nos puntos 2 (terreos para construción de polideportivo cuberto), 3 (acceso á parcela segregada) e 4 (zona de soares).
A parte co número 2 foi cedida ao Concello de Cee en virtude do nomeado Convenio.

Neste informe valórase a situación de partida do Arzobispado en relación coa finca indicada anteriormente, de 7.389,61m² segundo medición sobre planos obtidos da Oficina virtual do Catastro.
Como se indicará no apartado correspondente deste informe, a parcela considérase a efectos da valoración que se atopa en situación básica de urbanizado.
Xúntase plano relativo ao Convenio onde a finca segregada correspóndese cos ámbitos marcados cos núm. 2 (terreo para a construción dun polideportivo cuberto) e 3 (acceso a polideportivo).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Plano anexo ao Convenio

2. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Cee, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña na sesión do 23/02/1995 e incluídas as correccións segundo acordo do Pleno na sesión do 31/03/1995; na súa vixente redacción, en adiante NSPM.

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana, en adiante TRLS

- Real Decreto 1492/2011, de 24 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento de valoraciones de la Ley de Suelo., en adiante RV.

- Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

3. LOCALIDADE E ENTORNO

A parcela está situada ao norte da escola Casa da Cultura de Brens e ao sur do núcleo rural da Grixa, na parroquia de Brens.

4. O TERREO. INFRAESTRUCTURAS

A parcela ten acceso mediante pista asfaltada polo seu linde leste que conecta coa estrada autonómica AC-550. Pola dita pista discorren na actualidade as redes de abastecemento de auga e saneamento enterradas, segundo consulta feita ao persoal técnico da empresa concesionaria do servizo Augas de Corcubión. Así mesmo, discorren redes de enerxía eléctrica e alumeado público mediante rede aérea.

Segundo o plano anexo ao Convenio a parcela cedida ao Concello ten unha superficie de 3.740 m2 e unha fronte a dita pista de 11,37m².

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Partirase neste informe de que esta situación xa se daba na data da valoración, o 14.06.2002, xa que non se dispón de ningunha outra información que o contradiga.

5. SITUACIÓN URBANÍSTICA

A parcela atópase clasificada como solo urbano polas NSPM de Cee. Á vista do plano A3/20 previo á Modificación Puntual de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90, aprobada definitivamente polo Pleno do 27.12.2001 e publicada no BOP da Coruña núm. 54 do 06/03/2002- e tal e como se pode ver no plano anexo, a dita parcela maioritariamente está calificada coa ordenanza 11 (zona recreativa-deportiva). Tamén conta coas cualificacións en ordenanza 6 (Extensión casco "cidade xardín") e 10 (zona verde)

Tendo en consideración que as NSPM constitúen planeamento xeral, non encontrándose estas adaptadas á Lei 1/1997 do solo de Galicia vixente nese momento. Hai que aterse ao disposto polo seu réxime transitorio: (Disposición transitoria primeira 2 a) da LSG): Aos terreos que reúnan as condicións do art. 17 a) aplicaráselles o disposto nela para o solo urbano consolidado e aos que reúnan as condicións do art. 17 b) o disposto na Lei para o solo urbano non consolidado.

6. VALOR DE TAXACIÓN

A efectos deste informe, considérase que a situación básica do predio é a de urbanizado polos seguintes motivos:

- A parcela conta no seu fronte con redes de saneamento e abastecemento de auga, electricidade e alumeado que discorren por unha vía local, non interurbana nin circunvalación. (art. 21.3 do TRLS)
- A finalidade da cesión era a construción inmediata dun polideportivo municipal.

O RV indica no seu art. 19 que para a valoración en situación de solo urbanizado non edificado estarase ao disposto no art. 22. É dicir, aplicarase á edificabilidade de referencia o valor de repercusión do solo segundo o uso correspondente e a expresión $Vs=\sum EixVRSi$

Aos terreos cualificados como solo urbano dotacional (Art. 87 e ss das NSPM), en liña coa finalidade da segregación para a construción dunha dotación pública obxecto co Convenio urbanístico, e ante a inexistencia dun listado de dotacións publicas específico nas NSPM de Cee, considérase a efectos desta taxación como áreas que non teñen asignada edificabilidade ou uso lucrativo privado pola ordenación urbanística. En consecuencia segundo o art. 21 do RV, atribuiráselles unha edificabilidade media ponderada dun ámbito espacial homoxéneo no que a parcela se integre.

A continuación móstrase o ámbito espacial homoxéneo seleccionado. Trátase dun ámbito de 20.152m² que coincide co ámbito de terreos urbanizados do entorno da parcela da escola e casa da cultura da parroquia de Brens.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



As parcelas que conforman o ámbito espacial homoxéneo son as seguintes:

Ref. catastral	Superficie (m2)	Edificabilidade (m2/m2)	Ordenanza	Uso
5954301MH8555S	1169	0,56	6	Vivenda unifamiliar
5954302MH8555S	283			
5954303MH8555S	133			
5954304MH8555S	183			
5954305MH8555S	179			
5954306MH8555S	618			
6054306MH8565S	480			
6054307MH8565S	754			
59530D9MH8555S	303			
5753018MH8555S	187	1,07	5	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

5753019MH8555S	197			
5753020MH8555S	374			
5753055MH8555S	595			
5753021MH8555S	2.238			
5753022MH8555S	622			
59530D9MH8555S	2.482			

En consecuencia, a edificabilidade media ponderada para o ámbito espacial homoxéneo resultaría da seguinte expresión:

O aproveitamento urbanístico determínase segundo o disposto no art. 22 a) da LSG e é o que resulte da aplicación directa das determinacións do plan sobre a parcela.
No caso da ordenanza 6 pártese da edificabilidade ou cabida na parcela mínima de 300m², segundo os parámetros da ordenanza 6. Obtense o índice 0,56 m²/m².
Canto ao cálculo da edificabilidade en ordenanza 5, aplícase un fondo de 14m para uso residencial e compútanse os m2 edificables. Estes divídense pola superficie do ámbito en ordenanza 5 dando lugar ao índice de edificabilidade de 1,07m²/m².

Polo tanto, a edificabilidade media do ámbito calcularase de acordo co establecido no art. 21 do RV recollido anteriormente considerando o uso de referencia (residencial unifamiliar). A expresión queda da seguinte maneira:
Edificabilidade media (m2e) = Σ (Superficie total x Indice de edificabilidade) / Σ Superficie total(*)
(*) descontado o solo dotacional público xa afecto ao seu destino. Considéranse nesta situación o espazo destinado polas NSPM a viario e aos terreos dotacionais (ordenanzas 10 e 11), por elo só se teñen en conta a superficie das parcelas con aproveitamento lucrativo privado (uso característico residencial vivenda unifamiliar).
En consecuencia, a edificabilidade media ponderada para o ámbito espacial homoxéneo resultaría da seguinte expresión:

Em = (4.102x0,56) + (6.695x1,07) / (4102+6695) = (2.297,12+7.163,65) / 10.797 = **0,88**

Estudo de Mercado:

Comparable	Localización	Antigüidade anos	Superficie m²c	Prezo €	Prezo €/m²
C1	Rúa Armada 136	(reforma int. 2012) 8	125	95.000	760
C2	Pontella s/n	(1998) 22	341	230.000	674,49
C3	Brens 72	(1978) 42	449	390.000	868,60

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
La falta de cumplimiento por el poder público comprometido de convenios urbanísticos tendrá las consecuencias indemnizatorias -o de otra índole- dimanantes del principio de responsabilidad si concurren los requisitos para ello (sentencia del Tribunal Supremo de 15 de marzo de 1997 , que cita las de 23 de junio de 1994 , 18 de marzo de 1992 , 13 de febrero de 1992 y 21 de septiembre de 1991).

Constan no expediente dous informes emitidos polo Arquitecto Municipal en data 15 de setembro de 2020, que conclúen:

> *(...)taxación co fin de coñecer o valor dos terreos dunha parte da seguinte parcela catastral, analizando a situación urbanística de partida no momento da sinatura do convenio asinado entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e a Alcaldía do Concello de Cee* ***o 14.06.2001.***
> *(...)*
> *Conclusións:*
> *O valor de taxación obtense mediante a seguinte expresión – Vs =* $\sum EixVRSi$ = ***0,78 x 18,27 = 14,25 €/m²***
> *En consecuencia, o valor total da parcela, segundo a superficie indicada de 7.389,61 m2, resultaría de 105.301,94 €.*
> *O valor da parcela cedida ao Concello, segundo a superficie indicada de 3.740m², resultaría de 53.295 €.*
> *O valor do resto da matriz inicial (3.649,61m²) resultaría de 52.006,94 €(...)"*

> *(...)emítese a seguinte taxación co fin de coñecer o valor dos terreos dunha parte da seguinte parcela catastral, analizando a situación urbanística unha vez publicada a Modificación Puntual de recualificación de terreos para equipamento deportivo, alterando os artigos 82 e 90, aprobada definitivamente polo Pleno do 27.12.2001 e publicada no BOP da Coruña núm. 54 do 06.03.2002 e na data da sinatura do Convenio asinado entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e a Alcaldía do Concello de Cee o 10.06.2002.*
> *A data da valoración considerase, por tanto,* ***o 14.06.2002.***
> *En consecuencia, o valor total da parcela resto matriz, unha vez feita a cesión, segundo a superficie indicada de 3.649,61m², resultaría de 77.700,20 €.*
> *Con respecto á valoración desta finca con anterioridade á sinatura do convenio asinado entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e Alcaldía do Concello de Cee do 14.06.2001 e consecuente modificación puntual, a cal era de 52.006,94 €, apréciase un incremento do valor dede 25.693,26 €(...)*

De conformidade coas Sentenzas citadas, e coa taxación efectuada polo arquitecto municipal, o valor da finca cedida polo Arcebispado o Concello de Cee, no momento da cesión é de 53.295 €, a valoración da finca restante do Arcebispado con anterioridade á sinatura do convenio asinado entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e Alcaldía do Concello de Cee do 14.06.2001 e consecuente modificación puntual, era de 52.006,94 €, apréciase un incremento do valor de 25.693,26 €. En

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

consecuencia o Concello deberá satisfacer o Arcebispado a cantidade de 27.601,74 euros, en concepto de saldo resultante da liquidación do Convenio.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación, anualmente foi renovando o Convenio e o aval bancario, adoptando o seguinte acordo o longo dos anos:

1. Renovación Convenio Urbanístico suscrito de permuta de terreos para a construcción dun polideportivo en Brens, subscrito con data 10 de xuño de 2002, entre o Concello de Cee e Don José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arcebispado de Santiago de Compostela e en representación do mesmo.

2. A renovación do aval bancario a favor do Arcebispado de Santiago de Compostela ca Entidade Sabadell Gallego pola cantidade de 153.402,33 euros.
3. Facultar a Sr Alcalde deste Concello para a realización dos trámites oportunos para dita operación

No acordo Plenario de aprobación do Convenio no ano 2002, non consta informe de tipo algún, na renovacións anuais emítese o informe de Intervención ao que se adscribe Secretaría, no que se conclúe:

Sométese a informe da Intervención Municipal proposta para renovación de garantía do convenio urbanístico de permuta de terreos para a construción dun polideportivo en Brens suscrito o 10 de xuño de 2002 entre o Concello de Cee e don José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arcebispado de Santiago de Compostela en representación do mesmo e a constitución dunha garantía en do aval bancario a favor do Arcebispado concertado co Banco Sabadell por importe de 153.402,33€ para responder do cumprimento do citado convenio.
A Intervención Municipal considera que o alcance desta fiscalización débese circunscribir ósrequisitos formais do aval xa que se trata dun acto que debeu ser fiscalizado no seu momento de acordo co artigo 214 do RDL 2/2004. Nembargante a Intervención Municipal considera que o espírito da lei de facendas e entender que é suficiente o carácter de administración pública para garantir o cumprimento das obrigas que asumen as entidades locais e a innecesariedade deste tipo de actuacións coma pon de manifesto o artigo 173.2 do citado texto que impide a esixencia de fianzas, depósitos etc por parte dos xuíces ou autoridades administrativas. Polo tanto o Concello non está obrigado á prestación de garantía algunha como Administración Pública que
é nin o Arcebispado pode esixir a súa constitución. Tratándose dunha cuestión herdada a súa prolongación no tempo sen que se cumpra a condición e sen que resolva a discrepancia só ocasiona gastos innecesarios ó Concello.
Por outra banda o obxecto do presente acordo ten como base un convenio urbanístico de permuta. Este convenio debeu ser obxecto de informes e fiscalización con carácter previo á súa execución polo que non procede a fiscalización neste momento xa que o acto xa produciun efectos (os terreos xa se puxeron a disposición do concello e o pavillón xa está construído). Sen embargo ante as dúbidas da legalidade do mesmo sería conveniente que o órgano competente para decidir solicitase informe urbanístico e xurídico sobre a legalidade do mesmo xa que non constan no expediente e se ignora se cando se adoptou este acordo se fixo coñecendo a legalidade do mesmo. A Intervención non é quen de determinar a legalidade deste tipo de convenios que levando consigo obrigas económicas para o concello teñen un marcado carácter urbanístico e xurídico polo que deberían constar informes deste tipo.
O texto do aval debe ser revisado con carácter previo á súa firma.
Serán obxecto de fiscalización os actos que derivados da execución do convenio teñan contido económico.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

No ano 2019, consta solicitude de informe ao Arquitecto Municipal, mediante Providencia da Alcaldía de data 12.09.2019, o cal é emitido o 15.09.2020, no cal consta por primeira vez a invibilidade urbanística e técnica do referido Convenio, sendo agora o órgano competente coñecedor de tal inviabilidade e en consecuencia cando se pode adoptar o acordo de revisión de oficio de dito instrumento de maneira motivada, non estando, por tanto, este suposto incluido nos regulados no artigo 110 da Lei 39/2015.

Artículo 110 Límites de la revisión

Las facultades de revisión establecidas en este Capítulo, no podrán ser ejercidas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resulte contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes.

DÉCIMO SEGUNDO.- O procedemento para levar a cabo a revisión de oficio dun acto nulo é o seguinte:

A. Posta en coñecemento da Corporación a posibilidade de que un acto administrativo acordado polo Pleno estea incurso en causa de nulidade de pleno Dereito por concorrer algunha das circunstancias do artigo 47.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Pleno previo Ditame da Comisión Informativa correspondente, acordará o inicio do expediente de revisión de oficio, suspendendo, no seu caso, a execución do acto cando puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
B. Iniciado o procedemento, darase trámite de audiencia aos interesados por prazo de *entre dez e quince días* para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

C. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e, no seu caso, o período de información pública, as alegacións que poidan presentarse deberán ser informadas polos Servizos Técnicos Municipais.

D. Tras devandito informe, emitirase informe-proposta de Secretaría, que se elevará ao Pleno que a fará súa e solicitará Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.
Polo que se refire ao momento de solicitude do ditame do Consello Consultivo de Galicia «A solicitude de ditame ao Consello Consultivo debe formularse una vez tramitado o procedemento de revisión de oficio e previo á resolución do mesmo, debendo remitirse a este órgano consultivo o expediente completo. O informe preceptivo do Consello Consultivo se incardina no procedemento como o último trámite do mesmo». (Ditames 142/14 e 144/14, de 2 de abril; en similar sentido o Ditame 199/14, de 14 de maio).

Téñase en conta que, conforme dispón o artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta Administración, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicarse aos interesados, e a recepción do informe, que igualmente deberá ser comunicada aos mesmos. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de non recibirse o informe no prazo indicado, proseguirá o procedemento.
O Consello Consultivo deberá resolver as consultas no prazo dun mes, a partir do momento da recepción da solicitude, e, transcorrido este prazo, entenderase que non existe obxección algunha á cuestión exposta. Cando na orde de remisión do expediente se fixese constar motivadamente a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

urxencia do ditame, o prazo será de quince días, salvo que o Presidente da Xunta, en atención á materia e urxencia do asunto, fixase outro menor. Todo iso de conformidade co artigo 24 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

E. Recibido o Ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, e en función do seu contido, resolverase por Acordo do Pleno, previo Ditame do Consello Consultivo citado.

F. O Acordo do Pleno será notificado aos interesados, tendo en conta a natureza do acto declarado nulo de pleno dereito.

Visto canto antecede e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Iniciar procedemento para a revisión de oficio do acto: Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee en representación do mesmo.

Por considerar que se atopa incurso nas seguintes causas de nulidade do artigo 47.1.c) e f) da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:

c) Os que teñan un contido imposible.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

SEGUNDO. Suspender ao amparo do artigo 108 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, a execución do acto administrativo impugnado, dado que a mesma podería causar prexuízos de difícil reparación como son os indicados no Informe emitido pola Sra Interventora Municipal, e transcrito no presente informe.

TERCEIRO. Como consecuencia do apartado anterior, establecer como medida cautelar, a suspensión da execución do aval bancario polo importe de 153.402,33 euros, en base aos mesmos motivos que xustifican a suspensión do acto administrativo impugnado polos prexuízos de difícil reparación acreditados.

CUARTO.-De conformidade cos informes emitidos polo Arquitecto Municipal, relativos á taxación dos bens, conforme os cales, o valor da finca cedida polo Arcebispado o Concello de Cee, no momento da cesión é de 53.295 €, a valoración da finca restante do Arcebispado con anterioridade á sinatura do convenio asinado entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e Alcaldía do Concello de Cee do 14.06.2001 e consecuente modificación puntual, era de 52.006,94 €, apréciase un incremento do valor de 25.693,26 €. En consecuencia o Concello deberá satisfacer o Arcebispado a cantidade de 27.601,74 euros, en concepto de saldo resultante da liquidación do Convenio.

QUINTO.-Notificar o inicio do procedemento aos interesados e ao Avalista para que no prazo de *quince días,* presenten as alegacións e suxestións que consideren necesarias.

SEXTO.-Dar traslado do expediente, una vez finalizado o trámite de audiencia aos interesado, aos Servizos Municipais para que informen as alegacións presentadas.

SÉTIMO. Remitir o expediente á Secretaría, tras o informe técnico, para a emisión do informe-proposta.

OITAVO. Elevar o informe-proposta ao Pleno, que o fará seu e solicitará Ditame do Consello Consultivo de Galicia, achegando a proposta de resolución.

NOVENO. Suspender o prazo máximo legal para resolver o procedemento polo tempo que medie entre a petición do Ditame ao Consello Consultivo de Galicia e a recepción do mesmo.

DÉCIMO. Recibido o Ditame do Consello Consultivo de Galicia, dado o carácter preceptivo e vinculante do mesmo, elevar o mesmo ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

A Secretaria Municipal.
Rocío Hermida Cancela.
DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE."

CUARTO.-Considerando o informe emitido pola Sra Interventora deste Concello, en data 10 de setembro de 2020, do seguinte tenor literal:
"ASUNTO: AVAL BANCARIO 381.096 ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A
TERCEIRO: ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (R1500020A)
EXPEDIENTE: 2020/X999/000123
Rosa María Fernández Canosa, a petición da alcaldesa do Concello de Cee informa que:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 920/226.04 do Orzamento Municipal para o 2020 relativa a gastos xurídicos non existe a día de hoxe consignación económica adecuada e suficiente para sufragar o gasto derivado da execución do aval bancario presentado a favor do Arcebispado de Santiago por importe de 153.402,33€.
- Dado o nivel de execución do orzamento de gastos na presente data a realización de dito gasto levaría consigo a dificultade de atender no presente exercicio as obrigas económicas derivadas dos servizos municipais e previamente comprometidas.
- Advírtese que a execución do gasto citado por importe de 153.402,33€ no presente exercicio pode comprometer o cumprimento das obrigas derivadas da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria xa que non ten cobertura orzamentaria no Orzamento Municipal para o 2020 sen prexuízo da súa constatación na liquidación do mesmo.

Isto é o que informo ós efectos oportunos.
Asinado dixitalmente."

Á vista de todo o exposto, e en base aos informes transcritos, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Iniciar procedemento para a revisión de oficio do acto: Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee, en representación do mesmo, por considerar que se atopa incurso nas seguintes causas de nulidade do artigo 47.1.c) e f) da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:
c) Os que teñan un contido imposible.
f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

SEGUNDO. Suspender ao amparo do artigo 108 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, a execución do acto administrativo impugnado, dado que a mesma podería causar prexuízos de difícil reparación, acreditados (Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020, transcrito na parte expositiva do presente acordo).

TERCEIRO. Como consecuencia do apartado anterior**, adoptar/establecer como medida cautelar**, **a suspensión da execución do aval bancario polo importe de 153.402,33 euros,** en base aos mesmos motivos que xustifican a suspensión do acto administrativo impugnado (polos prexuízos de difícil reparación acreditados- Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020)

CUARTO.-De conformidade cos informes emitidos polo Arquitecto Municipal, relativos á taxación dos bens, o valor da finca cedida polo Arcebispado o Concello de Cee, no momento da cesión é de 53.295 € e a valoración da finca restante do Arcebispado con anterioridade á sinatura do convenio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

asinado entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e Alcaldía do Concello de Cee o 14.06.2001 e consecuente modificación puntual, era de 52.006,94 €, apréciase un incremento do valor de 25.693,26 €. En consecuencia, arroxa, a priori, en concepto de saldo resultante da liquidación do Convenio a cantidade de 27.601,74 euros, a favor do Arcebispado.

QUINTO.-**Notificar** o inicio do procedemento aos **interesados e ao Avalista** para que no prazo de *quince días,* presenten as alegacións e suxestións que consideren necesarias.
SEXTO.-Dar traslado do expediente, una vez finalizado o trámite de audiencia aos interesado, aos Servizos Municipais para que informen as alegacións presentadas.
Asinado dixitalmente.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 6 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa di que vamos a retomar o tema, o ano pasado o ecónomo diocesano e o arquitecto do arcebispado mantiveron unha reunión coa alcaldía e técnicos e acordouse solicitar un informe a oficina técnica sobre a viabilidade urbanística e técnica do convenio, igualmente envióuselle o arcebispado e o ecónomo un oficio axuntando a referida providencia os efectos de que se lle daría traslado do informe técnico e xurídico correspondente. Emitiuse o informe técnico e xurídico e o resultado é o que está no expediente e a proposta é a nulidade de oficio do convenio subscrito no ano 2002. Os convenios urbanísticos non poden ter actos preparatorios e non vinculantes o concello debe tramitar a tramitación do instrumento o que se compromete pero mantén a potestade de planeamento por interese público, a solución que se plantexaba no convenio era unha solución finalista que levaba a recalificación inequívoca dos terreos que excede do carácter de acto preparatorio de aí a conclusión que chega o técnico do concello e a secretaría, a nulidade do convenio leva consigo a nulidade de todas as cláusulas e medidas de garantías, aval bancario e parte do informe de secretaria fai referencia que o aval bancario é unha cláusula inaudita porque as administracións están exentas de presentar garantías e polo tanto a proposta é a nulidade do convenio subscrito en dita data.
Sr Domínguez García di si o informe técnico xurídico enviouse o episcopado.
Sra alcaldesa di que se lle manda agora a resolución correspondente.
Sr Domínguez García: non se lle mandou.
Sra alcaldesa: ten que estar aprobado polo pleno.
Sr Domínguez García: entón non imos votar a favor porque queremos que se pronuncie antes o episcopado, chegar a un acordo con eles, romper unilateralmente non é oportuno, outras veces negociamos con eles, casa da cultura da Ameixenda e non descartamos que negociemos mais cousas con eles, creo que antes de aprobar isto deberíamos falar con eles.
Sr Vigo eu xa dixen na comisión que me parecía unha rotura unilateral do Concello nos deixaba quedar nunha situación digamos que de dubidosa credibilidade a hora de formalizar contratos con organismo e institucións con certa importancia e realmente non nos parece a solución mais axeitada, creo que entre a súa proposta de votar ruptura do acordo e a proposta do Sr Domínguez de votar en contra de que se manteña o acordo deberíamos deixar o asunto sobre a mesa e tratalo polo miudo porque a pesar de que se fala da execución do aval pero iso é unha ameaza relativa que temos enriba da cabeza do concello dende hai 20 anos, realmente pois penso que teríamos que falar co

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

arcebispado e plantexar esa realidade que xurde agora dos informes técnicos que se solicitaron o efecto e penso que digamos movernos con mais cautela da que supón simplemente un rompo e racho que é o plantexamento do goberno.
Sr Domínguez Louro: eu levo seis anos aquí e unha das primeiras cousas que me chamou atención era votar esto cada setembro ou outubro e chámame atención polo que acaba de comentar Vde que había esa cesión a cambio dunha recalificación dos terreos e demais co cal entendía me sonaba un pouco rocambolesco porque parece que estaba obrigando a que o Pxom se desenrolara dunha maneira, nos naquel intre xa levaban 13 ou 14 prórrogas o que fixemos foi absternos e esperaremos a que saia o Pxom e se solucione doutro xeito, agora chegado este punto coincido cos portavoces e me explico porque bueno creo que Vde presentanos esto o luns pasado, e hai que tomar unha decisión en 3 días incluso pedir asesoramento xurídico e demais como pedimos nos pero debemos ter mais tempo. Si Vde leva un ano esperando os informes, nese tempo non tivera convocado a comisión para comentarnos que estaba pasando para poñernos encima da mesa o problema para ir masticando este problema e buscar unha solución entre todos mentras que os técnicos farían o seu traballo polo tanto creo que neste ano debeu Vde ternos informado e non chegar agora en tres días ter que tomar unha decisión coincido co Pp en que bueno chócame que vai directamente o arcebispado porque non entendo que non temos unha seguridade de como van reaccionar, poden reaccionar de moitas maneiras entendo eu, entón eu tamén creo que sería bo meditar o mellor é a correcta pero debemos de darlle unha volta mais e sobre todo falar coa outra parte porque inda que hai cousas que neste estado español que morrerei sen entender a igrexa é un poder fáctico e moitas veces non queda mais remedio que falar con eles, hai outros edificios da igrexa como casa reitoral de Toba ou Lires que poderían ser cedidas durante uns anos o concello a cambio de adecentalas e poñelas o servizo do pobo non sei si con esta decisión é a mellor maneira de deixar as portas abertas para un futuro poder facer ese tipo de negociacións con eles, esta é a reflexión agora mismo, boto de menos que non nos informara antes e así hoxe poidamos tomar unha decisión parécenos moi apresurado sobre todo para quen ten que decidir en tres días.
Sra alcaldesa: vamos a ver, yo di traslado y convoque la comisión cuando tuve los informes, con anterioridad no tenia los informes ni podía redactar la propuesta, durante este tiempo no podía convocar comisión porque no tenia los informes técnicos encima de la mesa y cuando los tuve convoque, lo que es cierto y si nos remontamos históricamente en junio 2001 se aprobó un convenio que se cedía al Concello 3740m2 a cambio de la recalificación del sobrante en diciembre del 2001 se recalificaron el sobrante y el arzobispado concretamento 3649 m se convirteiron en solares no contentos con ello, el arzobispado en el 2002 dado que llegaba el plazo del año del anterior convenio dice que no está de acuerdo y quiere mas edificiabilidad, más largo por viento norte 16 m y más ancho por el viento oeste pero los terrenos ya estaban recalificados, estudiando a fondo no se entiende como se acepta a la petición garantizando don 153.000 euros la recalificación para mayor edificabilidad de algo recalificado, entonces en que se basó en aquel momento alcalde Sr Dominguez para aplicar o valorar el aval en 153000 euros cuando la finca que ceden tiene un valor en aquella época de 53.000 euros, por otro lado ninguna administración y se han preguntado a técnicos y asesorado con compañeros y demas una administracion no es necesario que garantice con aval como la secretaria dice en su informe es inaudito esa garantía pero ya está hecho y hay que buscar una solución, el arzobispado ya me dejó claro el año pasado que no renovaban más el convenio ya querían ejecutar y me imagino que al Sr Vigo tuvieron que decírselo que no se lo iban a renovar por lo menos el año anterior a mí asi me trasladaron, esperaron este año más porque dije que acababa de llegar a la alcaldía, le pedí que me dejaran un año para solicitar los informes y mirar la viabilidad de la modificación puntual y accedieron a esa petición, ahora nos encontramos nos encontramos con informe técnico jurídico que es nulo, también es sorprendente que durante 18 años ningún alcalde lo solicitara o porque no se procedió a modificar puntualmente la normativa, ya el pleno del 2002 el Sr Dominguez decía en ese pleno que lo importante era aprobar porque sino perdíamos el terreno y no podíamos construir el polideportivo y perdíamos 60 millones de subvención pero se iba a renegociar

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

y no pagar los 25 millones de pesetas, luego sacó mayoría absoluta y no se renegoció nada y seguimos prorrogando, luego 9 años el Sr Vigo y lo mismo, yo llegué a la alcaldía e hice lo que tenia que hacer pedir los informes y resulta que es nulo, si hoy no se aprueba ya saben lo que va a pasar cada uno que asuma sus consecuenvcias y su reponsabilidad porque lo van a ejecutar y vamos a perder los 153000 euros y tenemos un informe técnico y jurídico que declaran la nulidad entonces cada uno responde de sus propios actos así de claro lo digo y por otra parte en la propia resolución ya se le hace una propuesta al arzobispado de indemnización de 27000 y pico de euros en compensación, la propuesta es esa, el arzobispado puede actuar como quiera actuar y leyendo el pleno del 2002 el Sr Vigo ya decía que el arzobispado miraba sus intereses particulares, y como dije la comisión nosotros tenemos que velar por los intereses del concello de Cee y los vecinos de Cee, esa es mi repsonsabilidad como corporación tambíen tenemos que velar por eso, si el arzobispado quiere negociar con la indemnización se puede negociar, si no aprobamos la nulidad o la propuesta de la nulidad sepan que van a ejecutar los 153000 euros y si los ejecutaran aún con la propuesta tenemos la posibilidad de recuperarlos, entonces Sr Dominguez si que ya no ibamos a recuperar los 25 millones como usted comprometió en aquel pleno.
Sr Dominguez García: temos suerte que chegou a Sra alcadesa senon que sería de nos en este momento, cando se aprobou a cuestión de recalificar o terreo e o aval se fixo porque sinon perdíamos o polideportivo que hoxe está feito e asesorado naquel momento polos técnicos que tiñamos no ayuntamiento, tomei a decisión asesorado cos técnicos do momento, o que digo que para chegar a este mismo acuerdo que non digo que non haxa que facelo, pero antes que nos reunamos co ecónomo o mellor para chegar o mesmo punto pero non facelo sin falar con eles, porque temos Toba sin casa da cultura si necesitamos a rectoral teremos que falar con eles, si tomamos esta decisión unilateral vamos ter de cara non imos chegar a un acordo, si tomamos este acordo poden executar igual o aval ou que lle impide executar? o acordo non evita a execución do aval, antes de tomar o acordo falemos con eles simplemente iso para ver que sei chegamos a un acordo fai 20 anos podemos agora igual, o mellor para chegar o mesmo punto pero non unilateralmente sen falar con eles, temos que antes de documentos xente de palabra e si quedamos nunha palabra chegar a outro acordo porque comprometeuse o Concello eu estaba de alcalde como si estivera outro, antes de romper un acordo haberá que falar coa outra parte si queremos chegar a outro acordo con esta xente algún día que polo que sexa teñen terreos e propiedades que o concello pode necesitar, e non tomar esta decisión por conta e risco sen falar con eles.
Sra alcaldesa: no compensaría en aquella fecha el terreno por el valor de 53000 euros y no poner un aval de 153.000 mire si sumamos durante 18 años lo que llevamos gastado en aval teníamos mas que pagado el terreno.
Sr Domínguez García: non estaba a venta o terreo, e foi o que se acordou naquel momento, non vamos discutir os acordos de fai 20 anos, precisamente foi o 2001 o 2000 non lle interesa.
Sra alcaldesa: foi o convenio que Vde firmou.
Sr Domínguez García: porque era o alcalde como si fose outro para non perder o polideportivo que tiveron desfrutando os chavales de Brens durante 20 anos.
Sra alcaldesa: porque no renegoció?
Sr Domínguez García: sorte vir Vde agora senón que sería de nos.
Sra alcaldesa: hai que dar una solución.
Sr Domínguez García: a que lle digo chamando e reunirnos no so Vde con nos tamén, non creo que sexa tan complicado polo menos intentalo.
Sra alcaldesa: en la propuesta de resolución y en el informe jurídico de la secretaria se adopta la suspensión de la ejecución del acto administrativo lo que es el aval,
Sr Domínguez García: ben pero inda así prefiro falar antes con eles o meu voto vai nese sentido.
Sr Vigo: eu iniciando ca intervención do voceiro do Bng é certo que no mes de novembro como sempre sen tarxeta nos chega este ramito de violetas, entón bueno temos que asumir esta realidade dende fai 20 anos ou non, Vde se puxo nesta tesitura non sabemos si xa tiña na súa mente e tuvo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

esperando a ter a oportunidade de facelo inda que non teña forza para facelo e realmente non entendemos porque fai unhas comparativas que non teñen sentido, é certo que co aval pagaría o terreno, si, si o venderan, había outros terreos onde? onde estaban? de uso dotacional, deportivo e demais porque recordo que houbo que modificar os da piscina para facer a piscina no seu momento e incluso cambialos porque Vde sabe perfectamente, porque lle dedica moito tempo os demais por vellos pero non por outra cousa, realmente Vde dedícalle tempo e sabe que si cambia unha calificación ten que aparecer noutro sitio, en Brens o mesmo, si se quería un polideportivo o único terreo realmente asequible naquel momento era este, propiedade da igrexa, é verdade que a igrexa é un negociador complicadísimo, e comparto co voceiro do Bng de que vamos atoparnos con eles moitas veces porque teñen moitas propiedades en Cee, e o redactor das nnss polo seu anticleralismo fixo os terreos dotacionais, o final, son deles, entón ir de xeito agresivo penso que para o concello non é bo, estratexicamente e con vistas a un futuro, falaban aqui de Toba e Lires, por suposto, pero aparte deso non é bo porque non lle da credibilidade o concello de Cee cando negocie con entidades privadas ou institucións que non sexan publicas porque coas públicas xa depende de factores políticos e outras cuestións pero na igrexa os cores políticos dependen relativamente e con outras institucións tamén, penso que rachar de xeito unilateral co convenio é negativo para a imaxe do Concello de Cee independientemente de que xa se tivera que facer fai tempo, digo eu porque non se fixo fai tempo porque dende o 2002 o Psoe tuve grupos muncipais, algúns incluso mais numeroso co de Vde agora, estuvo no goberno 4 anos nese periodo, 4 non, mais, 6 polo menos ou mais, se realmente o grupo politico que Vde representa independientemente da sua representación como alcaldesa participou e nunca se plantexou esta cuestión eu preguntaballe na comisión e repito de onde saca esto agora? é verdade que Vde ten a bolsiña de cousas persoais que vai sacando periodicamante cando se lle ocurre, e vai sacandoas, cada un funciona como funciona pero realmente non lle podo aceptar que eso é bo e positivo para o Concello de Cee, porque non ten ningún sentido facer ou tomar esa decisión independientemente que haxa informes que avalen o que Vde di, que sempre o vai haber, porque estou convencido que Vde non vai sair da linea nunca vai ir polo camiño ainda que sexa torto, non ten outra forma de pensar diferente, o camiño a veces leva a un final feliz e a veces non, e cando un representa a unha cidadanía ten que pensar que ten que ir mais aló do que pensa dos seus medos, prevencións e forma de entender a vida.

Sra alcaldesa: mira Sr Vigo yo no le tengo miedo a nada, a nada, y al arzobispado menos, los que tienen miedo son ustedes al arzobispado el ramito de violetas lo dejaron ustedes lo único que se está es dando solución a un problema, mire si es de imposible cumplimiento ese convenio tal y como pone y conforme el informe jurídico y técnico van a ejecutar el aval y el concello va a perder 153000 euros que son de los ciudadanos de Cee, yo como alcaldesa y el equipo de gobierno con la responsabilidad, en el informe técnico y en el jurídico non hay influencia de la alcaldía ni en secretaria ni en oficina técnica, hay un informe jurídico y técnico, claro, imparcial y objetivo que dicen que es nulo, el arzobispado cuando se le comunique esta imposibilidad sabe que van a ejecutar el aval y cobrar los 153000 euros, declarando la nulidad tenemos la posiblidad de no perder los 153000, a partir de aqui yo y el equipo de gobierno hicimos lo que teníamos que hacer lo que pase es responsabilidad del resto de la corporación.

Sr Dominguez Louro: Sra alcaldesa vamos a ver, Vde convirte esto nunha batalla por non falar dunha guerra, agora mismo ante as afirmacións que lle fixo os compañeiros tamén podía decir algunhas cousas porque olvídase dos gobernos solo se refire os deles dous, repito e insisto que esta solución pode ser axeitada, non o dubido.

Sra alcaldesa: o prazo?

Sr Dominguez Louro: cando termina o prazo

Sra alcaldesa: en outubro e hai que notificalo con anterioridade

Sr Dominguez Louro: que dia porque esto o ano pasado foi no ordinario de outubro sobre o 30.

Sra. Alcaldesa: perdoe, hai que ser obxectivos, no momento que o arzobispado teña coñecemento que é imposible o cumprimento, e asesorados xuridicamente van executar xa o aval, e xa perdemos os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

153000 euros, o tema é declarar a nulidade para que non executen e si o executaran continuar coa nulidade e recobrar os cartos e negociar con eles a indemnización que corresponde, pero si non se quer dar solución a única que hai perdemos os 153.000 euros.
Sr Domínguez García: esto si o acordamos hoxe, evita executar o aval?
Sra alcaldesa: se notifica a suspensión da execución do aval, eles poden ir o banco porque é un aval de primeiro requirimento o banco seguro que vai pagar pero despois nos temos este procedemento e recuperamos os cartos no caso de continuar, a eles vamos o suposto que aprobemos a proposta hai que notificar a entidade bancaria e arzobispado, aí na proposta vai que non se pode executar a suspensión, o arzobispado pode ir o banco como é de primeiro requirimento me tendes que pagar, non sei que fará o banco, pode decidir pagar pero nos xa temos unha proposta de nulidade e recuperar os cartos, sin a proposta non o recuperamos.
Sr Domínguez García: pudo falarse con eles e non decirlle o que prometemos daquela era mentira, os engañamos como chinos, eso hai que falalo persoalmente, ainda hai tempo de convocar o ecónomo e decirlle pasa esto,
Sra alcaldesa: xa o querian executar o ano pasado, e foi un ano de excepción a espera dos informes
Sr Domínguez García: porque non se fala con eles? temos medo ? eu non teño
Sra alcaldesa: no momento que se lle comunique que non é posible o cumprimento do convenio porque é nulo van ir o banco executalo xa
Sr Domínguez García: eso é o que Vde cree, habería que falar con eles si van ou non van
Sra alcaldesa: xa o quería executar o ano pasado
Sr Domínguez García: eu cando renovamos nunca puxeron pegas
Sra alcaldesa: a información que teño é que poñían problema e cando falaron comigo xa me dixeron que non esperaban mais
Sr Domínguez García: que se convoque o luns o ecónomo para falar con el e si non chegamos a acordo tomamos ese acordo
Sra alcaldesa: si eu chamo mañá e dígolle que é imposible executan o aval sen ter a proposta aprobada da nulidade
Sr Domínguez García: vamos falar con eles, porque sabe que o van executar, pode ser mañá ou dentro dun mes que non caduca
Sra alcaldesa: si que caduca
Sr Domínguez García: por iso hai que renovar cada año
Sra alcaldesa: claro
Sr Vigo: hai que ter en conta o seguinte, primeiro facía referencia a que na miña última etapa de alcalde, que xa fai un ano e pico tivera información do arzobispado que ían executar o aval o cal non é certo, fai referencia o ano pasado pero no 2019 por estas datas mais ou menos xa era Vde alcaldesa, non ten que ver que sexa Vde o eu ven de tempo e está aí, non vexo o sentido que pode ter a igrexa e sobre todo non sei si sigue sendo o mesmo ecónomo, o que era cando se falou o que eu coñecín non era un cura, era un home que viña da banca, que era un economista non era para nada un sacerdote e falaba en clave empresarial puramente, e claro eu podo entender que filosoficamente fale en clave empresarial pode sentar mal e dende un punto de vista relixioso peor, pero este é un tema económico por eso o leva o ecónomo, porque é o que controla en finanzas, o acordo que se fixo foi porque a eles lle interesaba que unha finca tuvera unha calificación urbanistica diferente mais que por facer unha promoción que penso que non, senón porque economicamente o seu valor cambia de xeito radical, era un cambio económico, douche esto e gano aqui, esa é a cuestión que unha propiedade cun plan xeral se lle pode dar a calificación que sexa.
Sra alcaldesa: xa lle dixen o ano pasado polo PX e non aceptaron que non esperaban a un plan xeral, si era unha modificación puntual das nnss si pero cun plan xeral rotundamente e dixeron que non, eso xa o falei.
Sr Vigo: de acordo pero o PX houbo varias cuestións que se plantexaron fai pouco tempo que non tiñan posibilidade de modificación puntual da normativa, porque como estamos preto de finalizar un

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

PX digamos que a xunta de Galicia non ía aceptar unha modificación puntual a día de hoxe ca perspectiva do PX que non vai ser para este mandato será para o seguinte no mellor dos casos posiblemente a xunta se admita coa xustificación oportuna unha modificación da nnss é probable de feito aqui non hai moitos anos, entre o 2011 ou o 2012, fíxose unha modificación na carretera de Lobelos que non prosperou no pleno pero estaba dende un punto de vista técnico normalizada e que poderían prosperar sin problema pero no prosperou politicamente, co cal, a día de hoxe salvo que cambiara todo, poderiamos facer so e eles igual saben que o podemos facer, e que podemos cumplir co compromiso que tiñamos, pero nunca é rompo e racho que e que plantexa, avalada que non vou poñelo en duda en publico nin en privado, teño claro xa sei como vai o tema, pero iso para Vde é bo para min medio-pensionista porque o final os concellos queren solucións, xente que resolva os problemas non xente que diga yo voy por el caminito, iso non resolve o problema, os cidadáns demandan solucións os seu problemas, dende o meu punto de vista é negativo, se cadra estou equivocado pero penso que é asi, por iso o manifesto.
Sra alcaldesa: mire solamente una putualización Sr Vigo, la recalificación que pretende desde el arzobispado implicaría modificar zona verde y sabe que no van a recalificar en la xunta la zona verde, habería que aplicar la ordenanza que es zona verde y extensión casco ciudad jardín y ya por una modificación anterior a esta la xunta no lo permitió ni es posible en zona verde, yo creo que esta sumamente explicado por parte del técnico y secretaría los motivos y las razones por las que tiene que ser declarado nulo y esa es la propuesta que se leva a pleno y la mejor solución es esta pero depende de ustedes a la hora de votar
Sr Domínguez Louro: Vde é taxante no que di e é o que me molesta a min non porque sexa taxante, parece que Vde o ten seguro e non discuto que sexa así non veño aqui facer leis nin a discutilas veño a facer política baixo o diálogo e si Vde en outubro do ano pasado tiña esa información xa no la tiña que transmitir os demais si non a tivo daquela e a tivo a posteriori tuvo un ano 10 meses, 9 meses para falar con nos e non chegar a este pleno da maneira que chegamos, eu estoume enterando mais con este debate do que me podo enterar en 56 folios que tiven que imprimir, eso é o que non entendo, estaba vendo a convocatoria da comisión do martes 29, estudo e debate do PCAP e PPT, é para debatir os pregos da nova empresa da recollida de lixo, me parece correcto, Vde tuvo todo este tempo para facer o mismo que isto, hoxe chegaríamos aqui e non estaríamos perdendo o tempo, sería moi fácil votar en consecuencia pero para este grupo é moi complicado votar en consecuencia, Vde di é e unha ameaza hagan lo que quieran pero los culpables van a ser ustedes, eso sona e entendaseme o tono no que fago, a chantaxe, e aqui non se ven facer chantaxe senón política e Vdeo 14 ou 15 xuño pasado pronunciou discurso de investidura un bo discurso.
Sra alcaldesa: no hace falta chillar.
Sr Dominguez Louro: xa digo que se me entenda.
Sra. alcaldesa: se puede utilizar un tono normal.
Sr. Dominguez Louro: estou falando alto para que cando se me grabe e se escoite porque nos últimos plenos non se escoita, en calquera caso, ademais tamén teño dereito a estar así porque sinceiramente Vde repite nese discurso de investidura falou de unidade, que iba ser a lexislatura de falar con todo o mundo, ten 4 concelleiros de 13, mínimo falar, non vir a comisión tirar cos papeles na mesa e sair pedidos, porque saímos perdidos desa comisión, en tres días temos que decidir sobre algo que Vde ten claro pero lle levou un ano 6 meses, dame igual, tiña tempo suficiente, non lle pido que nos informara no primeiro minuto, coma ou palabra pero incluso se pudo falar na reunión que tivemos de portavoces e nos poríamos a traballar no asunto agora ameaza que vai executar o aval si non sae hoxe o luns o economato ou quen sexa se presenta na oficina bancaria dame el dinero pero igual foron hoxe pola mañan, creo que sería moito mellor para evitar o que dicía antes das guerras, non fan falta guerras nin batallas, deixar enriba da mesa e o luns convocar unha comisión cando sexa posible incluso urxente e volver a falar do asunto e si hai que tomar a decisión a semana que ven se toma sin problema e Vde cando estaba sentada onde está o Sr Vigo en moitas ocasións e eu apoiei que se deixaran temas enriba da mesa en temas parecidos en canto a que desataban dubidas de como ter

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 27/09/2020 12:47:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 28/09/2020 13:16:00)
Versión imprimible
CVD: qWIwpkSlE8bgVQI1hHN+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

